



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Escola Politécnica Superior

Traballo Fin de Grao

CURSO 2020/2021

*IMPLANTACIÓN DUN PROCESO DE METALURXIA
SECUNDARIA DO ACEIRO*

Grao en Enxeñaría Mecánica

ALUMNA/O

Minerva Rivas Cabanas

TITORAS/ES

Carolina Camba Fabal

José Luís Mier Buenhombre

DATA

XULLO 2021

TÍTULO E RESUMO

IMPLANTACIÓN DUN PROCESO DE METALURXIA SECUNDARIA DO ACEIRO

A idea na que se centra este proxecto trata do deseño do proceso de descarbonización, desgasificación e redución para un aceiro inoxidable, o dimensionamento da culler na que terá lugar dita produción e o desenvolvemento da distribución das instalacións da metalurxia secundaria considerando os equipos necesarios para tal fin.

O proxecto consiste en conseguir un aceiro inoxidable proposto como obxectivo que presente un baixo índice de corrosión intergranular, primeiro mediante os cálculos necesarios para lograr as características desexadas e posteriormente desenvolvendo a descrición dos equipos necesarios para poder levar a cabo dita actividade.

IMPLANTACIÓN DE UN PROCESO DE METALURGIA SECUNDARIA DEL ACERO

La idea en la que se centra este proyecto trata del diseño del proceso de descarbonización, desgasificación y reducción para un acero inoxidable, el dimensionamento de la cuchara en la que tendrá lugar la producción y el desarrollo de la distribución de las instalaciones de la metalurgia secundaria considerando los equipos necesarios para tal fin.

El proyecto consiste en conseguir un acero inoxidable propuesto cómo objetivo que presente un bajo índice de corrosión intergranular, primero mediante los cálculos necesarios para lograr las características deseadas y posteriormente desarrollando la descripción de los equipos necesarios para poder llevar a cabo dicha actividad.

IMPLEMENTATION OF A SECONDARY STEEL METALLURGY PROCESS

The idea on which this project is focused deals with the design of the decarbonization, degassing and reduction process for a stainless steel, the dimensioning of the ladle in which the production will take place and the development of the distribution of the secondary metallurgy facilities considering the necessary equipment for this purpose.

The project consists of achieving a stainless steel proposed as an objective that presents a low index of intergranular corrosion, first by means of the necessary calculations to achieve the desired characteristics and later by developing the description of the necessary equipment to be able to carry out said activity.

ÍNDICE XERAL

Documento 1: MEMORIA

Anexo: CÁLCULOS

Documento 2: PLANOS

Documento 3: PREGO DE CONDICIÓN

Documento 4: ORZAMENTO



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Escola Politécnica Superior

**TRABALLO FIN DE GRAO
CURSO 2020/2021**

*IMPLANTACIÓN DUN PROCESO DE METALURXIA
SECUNDARIA DO ACEIRO*

Grao en Enxeñaría Mecánica

Documento 1

MEMORIA

ÍNDICE

1 Antecedentes	M-7
2 Obxecto	M-7
3 Alcance	M-7
4 Emprazamento das instalacións.....	M-9
5 Petionario do proxecto.....	M-10
6 Normativa urbanística Concello de Mondoñedo	M-10
6.1 Normativa xeral.....	M-10
6.2 Peches de parcela	M-11
6.3 Condicións estéticas	M-12
6.4 Solo industrial	M-12
6.4.1 Ámbito de aplicación:.....	M-12
6.4.2 Condicións de edificación:	M-12
6.4.3 Condicións de uso:	M-13
6.5 Parcela S20	M-14
6.6 Parcela S21	M-15
6.7 Parcela S22	M-16
6.8 Parcela S23	M-17
7 Metalurxia secundaria	M-17
7.1 Procesos.....	M-18
7.1.1 Resume dos procesos	M-18
7.1.2 Desgasificación estática en culler (Vacuum Degassing, VD)	M-20
7.1.3 Descarburización por osíxeno en baleiro (Vacuum Oxygen Descarburisation, VOD).....	M-21
8 Xustificación do proxecto	M-22
9 Análise do proceso VOD	M-23
9.1 Fase I: Soprado de osíxeno	M-24
9.1.1 Zona reacción M/G	M-24
9.1.2 Zona reacción M/S.....	M-26
9.1.3 Cálculos xerais do metal e escoura	M-27
9.2 Fase II e III: Desgasificación e Redución	M-28
9.3 Resultados e conclusións do modelo dinámico	M-28
9.3.1 Caudal de osíxeno e tempo de soprado	M-32
9.3.2 Influencia da intensidade de axitación inferior do argón e da duración do tempo de redución	M-33
9.3.3 Influencia da presión do proceso durante a etapa de soprado	M-36

10 Optimización do proceso VOD con bombas de baleiro mecánicas.....	M-37
10.1 Soprado programado de osíxeno.....	M-37
10.2 Taxa máxima de descarbonización: limitacións do volume de reacción	M-38
10.3 Equilibrios controlados pola actividade do osíxeno	M-39
10.4 Programa de soprado	M-41
10.5 Ebulición	M-42
10.6 Descarbonización	M-43
10.6.1 Termodinámica da descarbonización.....	M-43
10.6.2 Cinemática da descarbonización	M-44
10.6.3 Control da velocidade de succión durante as fases de descarbonización	M-45
10.6.4 Control da bomba de baleiro durante as fases de soprado de osíxeno....	M-45
10.6.5 Control da bomba de baleiro durante o fervido	M-46
10.6.6 Propiedades dun sistema de baleiro mecánico	M-46
10.6.6.1 Bombas de baleiro de parafuso	M-48
10.6.6.2 Bomba de baleiro de raíces	M-49
10.6.6.3 Lugar e material de inxección de argón	M-52
10.6.6.4 Inxección de osíxeno	M-54
10.6.6.5 Sistema de depósito e subministro de argón e osíxeno	M-60
10.6.6.6 Sistema para o transporte do material fundido.....	M-62
10.6.6.7 Sistema de apertura e peche da culler.....	M-64
10.6.7 Vantaxes adicionais do sistema de baleiro	M-64
10.6.7.1 Estanquidade do sistema de baleiro	M-64
10.6.7.2 Coste operacional.....	M-64
10.6.8 Tratamento de residuos	M-64
11 Referencias.....	M-68
12 Definicións e abreviaturas	M-69
13 Glosario de símbolos	M-70

1 ANTECEDENTES

Este traballo de fin de grao nace debido á necesidade da mellora do comportamento do aceiro inoxidable ante axentes externos que poden ser orixe da perda da resistencia mecánica e inclusive da disolución do material nas veiras dos grans que compoñen o material, imposibilitando en moitos casos a súa utilización.

A Escola Politécnica Superior proxecta o inicio dunha actividade de metalurxia secundaria no polígono industrial do municipio de Mondoñedo, no cal se planea realizar as obras de adecuación e acondicionamento necesarias.

2 OBXECTO

O seguinte proxecto ten como principal obxectivo o deseño do proceso de descarbonización, desgasificación e redución do aceiro, o dimensionamento da culler na que terá lugar dita produción, ademais de realizar o desenvolvemento da distribución das instalacións da metalurxia secundaria considerando os equipos necesarios para tal fin. Estímase unha capacidade de produción anual de 85000 toneladas de aceiro inoxidable. Búscase aportar unha visión xeral da metalurxia secundaria para posteriormente centrarse en dous dos procesos que a compoñen, no caso tratado, VD e VOD.

O aceiro inoxidable é aquel caracterizado pola súa resistencia á corrosión e oxidación atmosférica, propiedade debida principalmente á presenza de cromo, que permite a formación dunha película moi fina de óxido de cromo na superficie do aceiro e é impermeable e insoluble nos medios corrosivos habituais.[1]

Segundo a Norma UNE-EN 10088-1: Aceiros inoxidables. Parte 1: Relación de aceiros inoxidables, os aceiros inoxidables son aqueles que conteñen, polo menos, un 10,5% de cromo e un máximo de 1,2% de carbono, aínda que tradicionalmente considerouse que un aceiro inoxidable é aquel que contén, como mínimo, un 12% de Cr.

3 ALCANCE

Mediante o desenvolvemento deste proxecto preténdese conseguir un aceiro inoxidable AISI 316L, o tipo L fai referencia ao seu baixo contido en carbono.

Este tipo de aceiro é austenítico, aliado con ferro, cromo, níquel, molibdeno e baixo contido en carbono que presenta unha boa resistencia á corrosión.

Este grupo de aceiros inoxidables é o que maior prestacións ten dende o punto de vista de fabricación de compoñentes e equipos, así como de comportamento en servizo. Teñen propiedades de conformacións excelentes, moi boa soldabilidade e gran resistencia aos distintos tipos de corrosión.

Segundo a ficha técnica do aceiro obxectivo deste proxecto, os aceiros inoxidables austeníticos do grupo Cr-Ni-Mo conteñen molibdeno para incrementar a resistencia á corrosión por picaduras acadando resultados moi elevados con respecto a outros aceiros inoxidables austeníticos, debido a que a presenza de molibdeno aumenta o potencial de picadura. Os do tipo L (baixo contido en C) teñen, ademais, menor susceptibilidade á corrosión intergranular, porque evítase a precipitación de carburos de Cr en aplicacións que impliquen o seu uso a temperaturas de sensibilización, como soldaduras.

¹ [1]

Por outra parte, tamén se pode valorar as aplicacións nas que son empregadas este tipo de aceiros, como a industria química ou petroquímica, alimentaria, farmacéutica e téxtil, aplicacións con soldadura, tubos e caldeiraría ou cisternas de vehículos.

A ficha técnica do aceiro inoxidable a alcanzar é,

COMPOSICIÓN QUÍMICA	C	Si	Mn	P	S	Cr	Ni	Mo
	≤0,030	≤0,75	≤2,00	≤0,040	≤0,015	16,50-18,00	10,50-13,00	2,50-3,00

APLICACIONES
- Industria química y petroquímica
- Industria alimentaria, farmacéutica y textil
- Adornos arquitectónicos
- Aplicaciones con soldadura
- Tubos y calderería
- Cisternas de vehículos

CARACTERÍSTICAS MECÁNICAS EN ESTADO DE RECOCIDO	Rp _{0,2}	> 240 N/mm ²
	Rm	550 - 700 N/mm ²
	Alargamiento	> 45%
	Dureza	< 200 HB

PROPIEDADES FÍSICAS A 20°C presenta una densidad de 8 kg/dm³ y un calor específico de 500 J/kg·K

	20°C	100°C	200°C	300°C	400°C	500°C
Módulo de elasticidad (GPa)	200	194	186	179	172	165
Coefficiente medio dilatación térmica entre 20°C (10 ⁻⁶ x K ⁻¹) y	-	16	16,5	17	17,5	18
Conductividad térmica (W/m·K)	15	16	17,5	19	21	22,5
Resistividad eléctrica (Ω·mm ² /m)	0,75	0,82	0,95	1,05	1,12	1,19

SOLDADURA Los consumibles recomendados son los siguientes:

Electrodos revestidos	Alambres y varillas	Electrodos huecos
E 19 12 3 L	G 19 12 3 L (GMAW)	T 19 12 3 L
ER 316L (Si)	W 19 12 3 L (GTAW)	ER 316L (Si)
ER 317L (Si)	P 19 12 3 L (PAW)	ER 317L (Si)
	S 19 12 3 L (SAW)	
	ER 316 (Si)	
	ER 317 (Si)	

CORROSIÓN POR PICADURAS E INTERSTICIAL El acero ACX 260 es más resistente a la corrosión por picaduras y a la corrosión intersticial que el ACX 120. Los inoxidables de la familia Cr-Ni se pueden emplear en medios que contengan hasta 200 ppm de iones cloruros mientras que los de la familia Cr-Ni-Mo pueden estar en contacto con soluciones de hasta 1000 ppm.

RESISTENCIA A LA CORROSIÓN	<p>Los aceros inoxidables austeníticos de la familia Cr-Ni-Mo, presentan mejores propiedades de resistencia a la corrosión generalizada y atmosférica que los aceros inoxidables Cr-Ni.</p> <p>Presentan una velocidad de corrosión inferior a 0,10 mm/año cuando están en contacto con los siguientes medios:</p> <ul style="list-style-type: none">- Ácido fosfórico al 20% en ebullición.- Ácido sulfúrico al 20% a temperatura ambiente.- Ácido tartárico al 60% a 80°C.- Ácido acético al 50% en ebullición.- Ácido fórmico al 100% a 60°C.- Cerveza.- Leche.- Ácido oleico al 100% a 180°C.- Gasolina.
CORROSIÓN BAJO TENSIONES	<p>La corrosión bajo tensiones puede ocurrir en los aceros inoxidables austeníticos cuando están sometidos a esfuerzos de tracción en medios con iones cloruros y temperaturas superiores a 60°C.</p>
CORROSIÓN INTERGRANULAR	<p>En aplicaciones que conlleven un uso continuado en el rango de temperaturas de 450 a 850°C, u operaciones de soldadura con riesgo de sensibilización, se recomienda usar este tipo de acero (aleaciones de bajo C) para así minimizar el riesgo de corrosión intergranular.</p>
RESISTENCIA A LA OXIDACIÓN EN CALIENTE	<p>La máxima temperatura de servicio para estos tipos de aceros en aplicaciones continuas es de 920°C. Para ciclos térmicos intermitentes, la máxima temperatura de servicio es de 870°C.</p>
MANTENIMIENTO SUPERFICIAL	<p>Es imprescindible realizar periódicamente unas adecuadas prácticas de limpieza para conservar las superficies de forma indefinida y obtener las mejores prestaciones del acero inoxidable.</p> <p>Para la correcta limpieza, se recomienda el empleo de agua y jabones de tipo neutro, aplicados con una bayeta o cepillo que no arañe al inoxidable. Finalizar siempre la operación con un buen enjuagado con agua, para conseguir la completa eliminación del producto limpiador empleado.</p> <p>Se deben evitar los productos clorados. En caso de que sea imprescindible su uso, el contacto ha de ser mínimo y tiene que ir seguido por un abundante enjuagado con agua.</p>
ESPECIFICACIONES	<p>Los aceros inoxidables austeníticos del grupo Cr-Ni-Mo están incluidos en las principales normas internacionales.</p> <p>Pueden ser suministrados de acuerdo a los requerimientos de las normas EN, ASTM, ASME, AMS, QQS, MILS.</p> <p>Los inoxidables del grupo Cr-Ni-Mo están homologados según:</p> <ul style="list-style-type: none">- PED (Pressure Equipment Directive), DGRL 97/23/EG de acuerdo con EN 10028-7 y AD2000 Merkblatt W2 y W10.- Lloyd's Register of Shipping. <p>Cumplen con los requisitos de las directivas europeas de:</p> <ul style="list-style-type: none">- Industria alimentaria, RE 1935/2004.- Cromo hexavalente, ROHS.- Aparatos eléctricos, ROHS.

Ilustración 1: Ficha técnica de acero inoxidable AISI 316L da asociación Cedinox²

4 EMPRAZAMIENTO DAS INSTALACIÓNS

A planta de Metalurxia Secundaria, así como todas as instalacións necesarias para o seu correcto funcionamento, estarán localizadas no Parque Empresarial de Mondoñedo (Lugo) nas parcelas **S20, S21, S22, S23**.

Este enclave do norte da provincia de Lugo foi escollido pola súa situación privilexiada de fácil acceso pola A8 e N-634 a 20 Km da costa da Mariña Lucense e a 72 km de Lugo. Ademais de estar ben comunicado con outras zonas como A Coruña (a 118 km) ou Santiago de

² [2]

Compostela (a 158 km) tamén proporciona conexións con outras comunidades como Asturias (a 136 km de Avilés) ou Castela-León.

5 PETICIONARIO DO PROXECTO

O proxecto lévase a cabo baixo a petición da Escola Politécnica Superior de Ferrol, pertencente á UDC, como requisito para completar a formación da alumna Minerva Rivas, cumprimentando con este o Traballo de Fin de Grao da titulación de *Simultaneidade de Grao en Enxeñaría Mecánica e Enxeñaría Naval e Oceánica*.

ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR, UDC (FERROL)	
CIF	6550005-J
Domicilo Fiscal	Campus de Esteiro – c/ Mendizábal s/n
Concello	Ferrol (15403)
Provincia	A Coruña

6 NORMATIVA URBANÍSTICA CONCELLO DE MONDOÑEDO

A normativa urbanística que deberá cumprir a planta proxectada será a que foi aprobada polo Concello de Mondoñedo, xa que aí estarán emprazadas as edificacións.

Os terreos sobre os que se implantou o parque empresarial atópanse dentro da delimitación do territorio histórico do Camiño de Santiago polo que é necesario cumprir as medidas establecidas para mitigar o impacto sobre a paisaxe, cómpre sinalar que o parque non está a carón do Camiño, senón que está separado polo noiro da estrada N-634 que non forma parte do parque, polo que non é posible regular as actuacións de amortecemento previstas pola “Guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago”, mais se procede a modificar as condicións das edificacións e as condicións estéticas para minimizar este impacto.

6.1 Normativa xeral

No caso de edificios independentes dentro dunha parcela, a separación mínima entre eles será de 3m.

Permítese patios abertos ou pechados. A dimensión mínima destes patios fíxase coa condición de que, en planta, se poida inscribir un círculo de diámetro igual á altura da máis alta das edificacións, se estas teñen locais susceptibles de estancia habitual de persoas; ou á metade do diámetro se os ocos ao patio pertencen a zona de paso, almacéns ou outras que non reúnan as condicións para a estancia habitual das persoas.

Permítese semisotos cando se xustifiquen debidamente, de acordo coas necesidades. Poderanse dedicar a locais de traballo cando os ocos de ventilación teñan unha superficie non menor a 1/8 da superficie útil do local.

Permítese sotos cando se xustifique debidamente. Queda prohibido utilizar os sotos como locais de traballo.

Permítese que as construcións e elementos accesorios necesarias para o adecuado funcionamento dos almacéns e industrias, tales como depósitos elevados, silos, torres de refrixeración, chemineas,..., excedan a altura máxima permitida nas edificacións.

Para determinar a superficie de ocupación en planta e a superficie construída terase en conta o exposto no apartado 1.2 destas ordenanzas, que expón que O Concello de Mondoñedo require a cooperación do IGVS (Instituto Galego da Vivenda e Solo), ao que se lle asigna a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia, e en concreto, a elaboración e proposta á Consellería dos plans e programas en materia de solo. O Concello de Mondoñedo e o IGVS asinan un convenio de colaboración para a preparación do solo industrial e execución do parque empresarial.

O IGVS determina a posibilidade de implantar un parque empresarial mediante a formulación dun proxecto sectorial que conteña a regulación detallada e pormenorizada das instalacións segundo as especificacións do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal. Proposta definitivamente aprobada en decembro do 2009.

6.2 Peches de parcela

O límite da parcelas nas aliñacións a viarias e nas liñas medianeiras, obxecto de recuamentos, materializárase cun cerramento tipo que se fixe para o parque ou, no seu caso, resolverase respectando un deseño adecuado que deberá someterse a aprobación municipal. O peche reflectirase no proxecto construtivo.

Dado que o parque está incluído dentro da delimitación do territorio histórico asociado ao Camiño de Santiago, terase en conta o disposto na “Guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago”, no que respecta a materiais e cores dos cerramentos, así como das especies vexetais a plantar. Así, os materiais non previstos para quedar á vista deberán revestirse con morteiros ou con outros materiais adecuados e pintarse. No que respecta á cor dos materiais de acabado, deben evitarse as cores puras ou intensas, en especial as ocres amarelas, ocres vermellas, laranxas e granates, e optar máis ben polos tons claros e neutros. As cores brancas e grises poden ser adecuados.

Os peches das aliñacións a espazos públicos (non a viarios), realizaranse cunha banda opaca de 0,60m de altura máxima e poderase chegar ata 1,80m con sebes vexetais ou proteccións diáfanas.

No caso dos peches traseiros das parcelas que lindan coa estrada N-634, poderase eliminar a banda opaca e substituíla por un peche diáfano con sebes vexetais, de maneira que se formen pantallas que oculten as edificacións desde determinados puntos de vista ou para romper o seu perfil, de forma que o seu impacto véxase atenuado.

Os sebes vexetais realizaranse con especies autóctonas, preferentemente de especies xa existentes na zona.

A construción do cerramento común a dúas parcelas correrá a cargo da industria que primeiro se estableza debendo abonarlle a segunda o custo que correspondería á metade do cerramento tipo antes citado, debendo realizar este abono antes do comezo da construción.

No suposto de parcelas lindeiras con grandes diferenzas entre as cotas de terreo, construíranse muros seguindo o límite das parcelas, para a contención de terras, a sufragar por partes iguais entre os propietarios das dúas parcelas. Así mesmo, no caso de que se establecese unha delas en primeiro lugar, e realizase pola súa conta o muro de contención, a segunda que se establecese deberá realizar o abono correspondente a esta.^[3]

³ [3]

6.3 Condicións estéticas

Permítense os revocos sempre que estean ben terminados. As empresas beneficiarias quedarán obrigadas ao seu bo mantemento e conservación.

Tanto as paredes medianeiras como os paramentos susceptibles de posterior ampliación deberá tratarse como unha fachada, debendo ofrecer calidade de obra terminada.

Os rótulos empregados axustaranse ás normas dun correcto deseño en canto a composición e cores utilizados e realizaranse a base de materiais inalterables aos axentes atmosféricos. A empresa beneficiaria é a responsable, en todo momento, do seu bo estado de mantemento e conservación.

As edificacións en parcelas con fronte a máis dunha rúa, e, en xeral a calquera sistema de espazos libres de dominio e uso público (xardíns, viarios, aparcadoiros), quedarán obrigadas a que todos os seus paramentos de fachada teñan a mesma calidade de deseño e acabado.

Terán consideración de fachada aqueles paramentos que aínda que non teñan fronte a unha rúa ou espazo público sexan visibles por cuestións de topografía ou criterios de medición de rasantes.

As construcións auxiliares e instalacións complementarias das industrias deberán ofrecer un acabado digno, e que non desmereza da estética do conxunto, para o que devanditos elementos deberán tratarse con idéntico nivel de calidade que a edificación principal.

Dado que o parque está incluído dentro da delimitación do territorio histórico asociado ao Camiño de Santiago, terase en conta o disposto na "Guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago", no que respecta a materiais e cores. Así, os materiais non previstos para quedar á vista deberán revestirse con morteiros ou con outros materiais adecuados e pintarse. No que respecta á cor dos materiais de acabado, deben evitarse as cores puras ou intensas, en especial as ocres amarelas, ocres vermellas, laranxas e granates, e optar máis ben polos tons claros e neutros. As cores brancas e grises poden ser adecuados.

Permítense a utilización de cerramentos de paneis de formigón prefabricado, ou paneis de chapa metálica con acabados e cores acordos co establecido na presente normativa, sempre que o seu acabado sexa mate.

Non se permite o uso de bloques de formigón para deixar á vista.^[4]

6.4 Solo industrial

6.4.1 Ámbito de aplicación:

Comprende as áreas delimitadas e grafiadas no plano de zonificación.

6.4.2 Condicións de edificación:

Tipoloxía: Acaroadá (entre medianeiras, agrupada e pareada illada)

Superficie mínima de parcela: 400 m²

Fronte mínimo de parcela: 10 m

Altura máxima de edificación: 9 m

Altura máxima de planta: A definida anteriormente

⁴ [3]

Altura libre de planta: 3 m

Número de plantas: 2

Recuamentos mínimos a aliñacións: Os establecidos no plano de Aliñacións e Replanteo.

Recuamentos mínimos a lindeiros: Permítese edificar acaroadado, no caso de que non se chegue coa edificación a lindeiro o recuamento mínimo será de 3 m.

Ocupación máxima de parcela: A establecida polos propios recuamentos da parcela.

Edificabilidade: 1 m²/m². [5]

6.4.3 Condicións de uso:

Calquera actividade industrial, así como os seus usos compatibles, que cumpran coa lexislación vixente.

O uso industrial é o correspondente aos establecementos destinados á obtención de materias primas ou derivadas destas, incluíndo o almacenaxe, envasado, reparación, transporte e distribución de ditos produtos, ou a exposición, reparación e garda de maquinaria, así como ás funcións que complementan a actividade industrial propiamente dita.

Considéranse usos compatibles co industrial aquelas actividades non especificamente industriais, como oficinas, laboratorios, centros informáticos, empresas de servizos, garaxe-aparcamento e talleres de automóbil.

En tipoloxía illada considérase tamén usos compatibles os hipermercados e establecementos de hostalería.

A admisibilidade destes usos compatibles queda supeditada á existencia ou implantación simultánea do uso industrial principal na parcela considerada. Polo que, previa ou simultaneamente á solicitude de usos compatibles, será obrigatorio a autorización da actividade industrial principal.

Non obstante ao anterior, nas parcelas industriais lucrativas lindeiras ao sur do chamado vieiro principal de distribución (toda a banda de parcelas que vai dende a S-1 ata a S-14, con vista directa á estrada N-634), así como nas situadas ao norte do vieiro e lindeiras co equipamento comercial lucrativo (parcelas S-19 e S-20), os usos previstos como compatibles tamén poderán ser considerados como uso principal, sen que a súa autorización estea vinculada á implantación dunha actividade industrial.[6]

⁵ [3]

⁶ [3]

6.5 Parcela S20




Ilustración 2: Parcela S20 polígono industrial mindoniense

A parcela dispón dunha superficie de $1514.51 m^2$ cun fronte de 27 m e fondo variable, mentres que, o fondo dereita mide 57.5 m e o esquerdo 59.9 m.

O uso ao que é destinada esta parcela é mixto e a súa ocupación axústase ao anteriormente exposto na ordenanza municipal do concello de Mondoñedo,

- Recuamento fronte de 5 m.
- Recuamento fondo 3 m.
- Recuamentos laterais 3 m.
- Ocupación do 69%.
- Edificabilidade de $1 m^2 c/m^2 s$ (superficie edificable/superficie solar).
- Altura máxima de 9 m/2 plantas.
- Tipoloxía edificatoria acaroada/illada.

6.6 Parcela S21




Ilustración 3: Parcela S21 polígono de industrial mindoniense

A parcela dispón dunha superficie de 1710.37 m^2 cun fronte de 30.1 m e fondo variable, mentres que, o fondo dereita mide 59.9 m e o esquerdo 62.5 m.

O uso ao que é destinada esta parcela é mixto e a súa ocupación axústase ao anteriormente exposto na ordenanza municipal do concello de Mondoñedo,

- Recuamento fronte de 5 m.
- Recuamento fondo 3 m.
- Recuamentos laterais 3 m.
- Ocupación do 67%.
- Edificabilidade de $1\text{ m}^2\text{c}/\text{m}^2\text{s}$ (superficie edificable/superficie solar).
- Altura máxima de 9 m/2 plantas.
- Tipoloxía edificatoria acaroada/illada.

6.7 Parcela S22




Ilustración 4: Parcela S22 polígono industrial mindoniense

A parcela dispón dunha superficie de $1763.57 m^2$ cun fronte de 30 m e fondo variable, mentres que, o fondo dereita mide 62.5 m e o esquerdo 62.7 m.

O uso ao que é destinada esta parcela é mixto e a súa ocupación axústase ao anteriormente exposto na ordenanza municipal do concello de Mondoñedo,

- Recuamento fronte de 5 m.
- Recuamento fondo 3 m.
- Recuamentos laterais 3 m.
- Ocupación do 66%.
- Edificabilidade de $1 m^2 c/m^2 s$ (superficie edificable/superficie solar).
- Altura máxima de 9 m/2 plantas.
- Tipoloxía edificatoria acaroada/illada.

6.8 Parcela S23




Ilustración 5: Parcela S23 polígono industrial mindoniense

A parcela dispón dunha superficie de 1565.64 m^2 cun fronte de 28.3 m e fondo variable, mentres que, o fondo dereita mide 62.7 m e o esquerdo 60.3 m.

O uso ao que é destinada esta parcela é mixto e a súa ocupación axústase ao anteriormente exposto na ordenanza municipal do concello de Mondoñedo,


- Recuamento fronte de 5 m.
- Recuamento fondo 3 m.
- Recuamentos laterais 3 m.
- Ocupación do 60%.
- Edificabilidade de $1\text{ m}^2\text{c}/\text{m}^2\text{s}$ (superficie edificable/superficie solar).
- Altura máxima de 9 m/2 plantas.
- Tipoloxía edificatoria acaroada/illada.

7 METALURXIA SECUNDARIA

A metalurxia secundaria fai referencia aos procesos de tratamento do aceiro líquido obtido dos fornos eléctricos ou convertedores. O obxectivo desta é purificar o aceiro e mellorar as súas propiedades.

O aceiro que provén dun forno eléctrico de ultra alta potencia (UHP) é tratado mediante procesos por baleiro ou a presión atmosférica, xa sexan nunha cámara de baleiro onde se introduce a culler ou na propia culler. Existen distintos tipos de tratamento co obxectivo de desgasificar e axustar a composición e temperatura do aceiro obtido do forno UHP para xerar así unha coada de aceiro xa libre de impurezas e coas especificacións requiridas. Para lograr a eliminación de impurezas como xofre, osíxeno ou inclusións non metálicas, úsase a metalurxia secundaria, obtendo un aceiro de características moi rigorosas listo para ser solidificado en moldes, barras, lingotes, etc.

O aceiro líquido que chega aos procesos de metalurxia secundaria pode proceder de dúas vías diferentes, da siderurxia eléctrica (fornos de arco eléctrico ou UHP) ou da siderurxia ao osíxeno (converteiros).



Para concluír, pódese definir a metalurxia secundaria como o conxunto de procesos cuxo obxectivo é a obtención dun aceiro libre de impurezas cunha composición química acertada, cunha temperatura adecuada en función das especificacións para ser solidificado e darlle a forma adecuada para a súa aplicación. Estes procesos inclúen a homoxeneización, axuste da súa composición, axuste dos elementos da aliaxe, control da temperatura, desulfuración, desoxidación e descarbonización entre outras.

7.1 Procesos

Os distintos procesos que compoñen a metalurxia secundaria, como xa se mencionou con anterioridade, pódense levar a cabo ao baleiro ou a presión atmosférica.

Os procesos ao baleiro conseguen resultados notábeis na consecución dos obxectivos, mentres que os resultados dos procesos levados a cabo a presión atmosférica non son tan brillantes. Sen embargo, a relación resultados/inversión obtida polo segundo método é compensatoria nunha siderurxia que fabrica aceiros moi especiais. Tanto uns como outros poden realizarse sen aportación térmica adicional ou con caldeo posterior. No caso tratado, estudáranse dous procesos levados a cabo ao baleiro xa que son de uso común e os resultados obtidos son os desexados, a obtención dun aceiro inoxidable coas especificacións mencionadas anteriormente.

De entre os procesos máis importantes, o proxecto aquí exposto centrarase nos de VD/VOD.

Desgasificación en baleiro (VD, Vacuum Degassing) é un proceso levado a cabo ao baleiro e sen aportación térmica. Á súa vez, pode ser:

- Estático en cámara desgasificadora, sen ou con axitación, a cal pode ser xerada mediante un gas ou por indución eléctrica.
- En chorro de metal do forno á culler, de aí a outra coada e posteriormente á lingoteira.

Neste caso, o proceso estudado será estático en cámara desgasificadora con axitación xerada por medio dun gas, argón.

Descarbonización por osíxeno en baleiro (VOD, Vacuum Oxygen Descarburisation) é un proceso levado a cabo ao baleiro e con caldeo por osíxeno. Aproveita o carácter exotérmico co que baixo estas condicións se desenvolve a reacción de combustión do carbono polo osíxeno inxectado sobre o baño.

Hai que ter en conta, que todos os procesos metalúrxicos baseados no emprego do baleiro non se puideron desenrolar ata que non houbo bombas de baleiro axeitadas para os volumes a tratar.

7.1.1 Resume dos procesos

- I. No forno eléctrico de arco fúndese unha carga composta, principalmente, por chatarra de inoxidable, ferrocromo carburado e con silicio e ferromanganeso carburado e níquel.

- II. Dentro do forno efectúase unha oxidación incompleta, que non chega a oxidar o cromo, polo que o carbono pasa a CO gas e o silicio da lugar a sílice (SiO_2) que pasa a formar parte da escoura.
- III. O aceiro que quedou co 0.5% de carbono aproximadamente e está a uns 1580 °C cólase na culler. Durante o vertido engádese cal (CaO) para escourificar a sílice obtida da anterior oxidación.
- IV. O transporte do material fundido entre as distintas zonas da planta lévase a cabo mediante vehículos moi especiais que moven contedores con forma de torpedo termicamente illados e o verten no recipiente de destino.
- V. A culler introdúcese no tanque VOD, cérrase e conéctanse os sistemas de soprado, adicións e control. A continuación, pónense en marcha as bombas de baleiro ata acadar unha presión de 70 torr. Neste instante iníciase o soprado de osíxeno. De maneira simultánea e a través dos tapóns porosos do fondo da culler, inyéctase o gas de axitación. Este gas sole ser argón, anque para algúns aceiros pode ser máis interesante o nitróxeno. Ao final desta etapa o aceiro queda a 1690 °C e con menos do 0.1% de carbono.
- VI. Desgasificación en baleiro. Neste momento o baño de aceiro está altamente saturado de osíxeno. O soprado detense e intensifícase o baleiro xerado, quedando a presión do tanque a menos de 5 torr. Mantense a batuxada do gas de axitación polo fondo da culler. Todo este proceso provoca un forte fervido que arrefría o caldo; polo que, o aceiro queda a uns 1650 °C e cunha composición de aproximadamente un 0.03% de carbono e 0.05% de xofre.
- VII. Axuste final. Unha vez completada a descarbonización, e sen deter a batuxada do gas de axitación, agréganse os ferro-aliados, escourificantes e fundentes a través das esclusas de baleiro, axustando a escoura e a composición química do baño. No caso de ser necesario, engádese a chatarra refrixerante. O aceiro obtido está a uns 1580 °C e con tan só 0.001% de xofre.




Ilustración 6: Etapas do proceso VOD⁷

⁷ [4]




Ilustración 7: Etapas do proceso VOD⁸




Ilustración 8: Cronoloxía dunha operación no proceso VOD⁹

7.1.2 Desgasificación estática en culler (Vacuum Degassing, VD)

Consiste nun sistema sinxelo. A culler enchida no forno introdúcese nunha cámara na que se fai o baleiro duns 30 torr durante 10 minutos. Créase unha ebullición que aumenta o nivel do aceiro na culler 300 ou 400 mm de altura, polo que é obrigatorio o emprego de culleres relativamente altas.

Previamente ao desgasificado débese eliminar da culler a máxima escouza posible para que cando se faga o baleiro, o aceiro tan só estea recuberto dunha capa moi delgada desta e non dificulte o escape dos gases.

Este método presenta unha serie de desvantaxes como:

- O derrame provocado polo violento desprendemento de gases.
- A presión ferrostática impide a formación de burbullas, excepto cerca da superficie, polo que tan só se desgasifica o metal inmediatamente debaixo desta.

⁸ [4]

⁹ [4]

- O proceso debe de ser curto para evitar unha diminución en exceso da temperatura que dificultaría a coada posterior de moldes, lingoteiras ou coada continua.
- A debilidade da difusión e convección impide o alcance dunha boa homoxeneización do metal.

Co fin de paliar estas dificultades, dispóñense de varios sistemas de axitación do metal líquido. A primeira é a introdución forzada a través dun tapón poroso, dun gas inerte que elimina os gases da solución por un efecto mecánico de barrido. A máxima purificación alcázase nos primeiros cinco minutos, pero os aceiros acougados requiren de polo menos seis minutos para alcanzar unha desgasificación efectiva.

A indución electromagnética é outro proceso de axitación no que se substitúe a culler por un forno de indución sobre o cal se verte o aceiro procedente do forno de arco ou convertedor. Unha bobina rodea o crisol deste e provoca correntes de convección no baño que facilitan a súa desgasificación.

Este último sistema presenta diversos inconvenientes como a súa cara instalación ou a dificultade de operación. Por outro lado, está restrinxido ao tratamento de pequenas cantidades de aceiro. Polo que, hoxe en día só existe o sistema de axitación por gas inerte a través de tapón poroso.




Ilustración 9: Desgasificado estático en cámara de baleiro con barboteo con argón¹⁰

7.1.3 Descarbonización por osíxeno en baleiro (*Vacuum Oxygen Descarburisation, VOD*)

Este proceso consiste en soprar osíxeno a temperatura ambiente por unha lanza introducida pola cuberta da cámara ou culler de desgasificado ata que o aceiro acade unha temperatura de 1600-1650 °C. Durante a operación inxéctase argón no fondo da culler provocando así un axitado no baño. Tras o afinado e despois de eliminar o baleiro, engádese unha escoura reductora para recuperar o cromo ata o 98-99%. Realízanse as adicións finais e

¹⁰ [4]

axústase a temperatura coándose o aceiro de seguido. O control da temperatura faise partindo da temperatura do aceiro ao iniciar a operación e da súa composición. Xeralmente esixe unha subida de 100 °C de temperatura que se debe de compensar, se é preciso, cunha axitación de argón ou adición de chatarra.

Este procedemento naceu pola necesidade de crear aceiros cun mínimo contido en carbono e en xofre, especialmente inoxidables, como é o obxectivo deste proxecto.

A elección de argón como gas inerte débese a que outros como o nitróxeno, a altas temperaturas, poden dar lugar a nitruros de aluminio ou titanio, algo pouco desexable para o obxectivo de proxectos como o aquí tratado.

O equipo VOD consta, esencialmente, dun tanque hermético no que se introduce a culler que provén do forno de arco ou convertedor. Este tanque está conectado a unha ou varias bombas de baleiro de exectores de vapor. Atravesando a tapa hermética atópase a lanza de soprado de osíxeno. En xeral, os compoñentes do conxunto son:

- Control de temperatura do caldo.
- Toma de mostra e análise.
- Funil e dosificadores automáticos de escourificantes e ferro-aliados a presión atmosférica.
- Funil e dosificadores automáticos de escourificantes e ferro-aliados con esclusa de baleiro intermedia.
- Funil e dosificadores automáticos de chatarra refrixerante.
- Inxectores de arame de aluminio e adicións encapsuladas (cored wire).
- Cuarto e equipos de control con mando manual e automático.
- Culler de tratamento equipada cun ou varios tapóns porosos para a inxección de gas de axitación. A culler e/ou a cámara contan con tapas ou pantallas que protexen a bóveda e equipos auxiliares de radiación e proxeccións.

8 XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Vistos os resultados obtidos durante o desenrolo deste proxecto é necesario xustificar a razón pola cal se desexa diminuír a cantidade de carbono presente no aceiro se xa, inicialmente, a composición presenta unha cantidade de carbono moi baixa, de 0.0485%.

A explicación está dada polo concepto de corrosión intergranular, deterioro por corrosión localizada e/ou adxacente aos límites do gran dunha aliaxe, orixinando perda da resistencia mecánica e inclusive a disolución do material nas veiras do gran, imposibilitando en moitos casos o uso do aceiro para fins como a soldadura, na que se acadan temperaturas críticas para a precipitación de cromo.

Un dos métodos de control deste tipo de inconveniente é reducindo o contido de carbono arredor do 0.03 por 100 en peso ou menos para lograr así que non poidan precipitar cantidades significativas de carburo de cromo e evitar deixar esas zonas por debaixo do 10% de cromo mínimo necesario para a pasivación, e polo tanto sensibles á corrosión. Este fenómeno coñécese como sensibilización e se se dan as condicións ambientais, de temperatura, de fluídos agresivos, etc., pode producirse a corrosión intergranular. ¹¹

¹¹ [5]

9 ANÁLISE DO PROCESO VOD

Tras acadar unha visión xenérica dos procesos obxectivo deste traballo de fin de grao, é necesario realizar unha análise máis exhaustiva de cada un deles para lograr uns resultados contrastados e fiables.

O proceso VOD é un de conversión que opera baixo a redución da presión total, para o seu análise este proxecto baséase no estudo dun modelo dinámico para un proceso industrial, fundamentado na análise termodinámica e cinemática das reaccións producidas.

O proceso VOD está composto por tres etapas. As condicións reais do desenrolo son función das condicións iniciais do metal e do grado de aceiro a obter.

- I. **Soprado de osíxeno.** En primeira instancia o osíxeno é soprado para descarbonizar o metal. Aliados e fundentes son engadidos en adianto. O caudal de osíxeno está entre 30 e 60 $N * m^3/min$, o tempo de soprado varía entre 30 e 60 minutos e a presión de baleiro está entre $1 * 10^4$ e $2 * 10^4 Pa$. A temperatura inicial do metal está no rango de 1500 a 1650 °C. Fundentes como dolomita e cal e algúns aliados como Fe-Si e Fe-Cr son engadidos de acordo coa composición e grao do aceiro. O caudal de argón da axitación inferior é de $0.25 N * m^3/min$.
- II. **Desgasificación.** Na etapa de desgasificación (dura uns 10 minutos), a presión total é reducida a aproximadamente 100-500 Pa. A descarbonización do metal incrementa aínda máis debido ao descenso de presión. Nesta etapa non se engaden nin aliados nin fundentes. O caudal de argón da axitación inferior é de $0.35 N * m^3/min$.
- III. **Redución.** Durante a etapa de redución, un axente redutor como o ferrosilicio é engadido para recuperar o cromo que foi oxidado durante a fase de soprado. Ademais, agréganse fundentes como dolomita, cal ou fluorita para controlar a composición e fluidez da escoura. Esta fase de redución dura uns 40 minutos. A presión de baleiro é de 100-500 Pa. Os rangos finais de temperatura van de 1640 a 1750 °C. O caudal de argón da axitación inferior é de $0.35 N * m^3/min$.

Como as reaccións do proceso son claramente diferentes durante as tres etapas, o modelo dinámico debería integrar as características específicas de cada unha delas.

Os axentes redutores empregados durante a etapa de redución máis comunmente utilizados son o ferrosilicio, carbono e carburo de calcio. Un dos obxectivos deste proceso é a descarbonización do material, polo que, neste proxecto, o material redutor escollido será o ferrosilicio. Polo tanto os tres procesos quedarían como,

- I. **Soprado de osíxeno.** O osíxeno é soprado para descarbonizar o metal. Aliados e fundentes son engadidos en adianto. O caudal de osíxeno escollido é de $30 N * m^3/min$, o tempo de soprado de 46 minutos e a presión de baleiro será de $1 * 10^4$. A temperatura inicial do metal está no rango de 1500 a 1650 °C. Fundentes como dolomita e cal e algúns aliados como Fe-Si e Fe-Cr son engadidos de acordo coa composición e grao do aceiro. O caudal de argón da axitación inferior é de $0.25 N * m^3/min$.
- II. **Desgasificación.** A etapa de desgasificación dura uns 10 minutos, a presión total é reducida a aproximadamente 100-500 Pa. A descarbonización do metal incrementa aínda máis debido ao descenso de presión. Nesta etapa non se engaden nin aliados nin fundentes. O caudal de argón da axitación inferior é de $0.35 N * m^3/min$.
- III. **Redución.** Durante a etapa de redución, o axente redutor, ferrosilicio é engadido para recuperar o cromo que foi oxidado durante a fase de soprado. Ademais, agréganse fundentes como dolomita, cal ou fluorita para controlar a composición e fluidez da escoura. Esta fase de redución dura uns 40 minutos. A presión de

baleiro é de 100-500 Pa. Os rangos finais de temperatura van de 1640 a 1750 °C. O caudal de argón da axitación inferior é de $0.35 \text{ N} \cdot \text{m}^3/\text{min}$.

9.1 Fase I: Soprado de osíxeno

Para poder completar esta etapa asúmese que:

- Soamente existen dúas zonas de reacción, de Metal/Gas (M/G) e de Metal/Escoura (M/S).
- Non se produce reacción algunha no resto do volume.






Ilustración 10: Esquema das zonas de reacción M/G e M/S durante a etapa de soprado de osíxeno¹²

9.1.1 Zona reacción M/G


As reaccións que teñen lugar nesta zona son:



Obtense o dióxido de silicio (sílice) por medio da reacción do silicio da mestura co osíxeno,




Ademais o osíxeno reacciona co manganeso do aceiro líquido para dar lugar a óxido de manganeso,




Coa reacción de osíxeno gas e o carbono do aceiro obtense monóxido de carbono,



Osíxeno soprado reacciona tamén co cromo e ferro que compoñen a mestura para dar lugar a óxido de cromo (III) e óxido de ferro (II) (óxido ferroso),



¹² [4]



Asúmese que a zona de reacción M/G contén unha cantidade constante de metal que reacciona coa fase gas nun intervalo fixo de tempo. Despois disto, esta cantidade de metal é inmediatamente mesturada co resto de volume de material e unha nova cantidade de metal é seleccionada e adxudicada á zona da reacción M/G. Este volume de metal pasa agora polo mesmo ciclo que o anterior. Cabe mencionar que a cantidade de metal depende da axitación do gas de argón do inferior, do soprado de osíxeno superior e da xeometría da culler.

Para o cálculo das reaccións na zona de reacción M/G, o tempo total de soprado divídese nun determinado número de pasos segundo o tempo. Nestes períodos de tempo unha determinada cantidade de osíxeno e metal entra na zona de reacción M/G. O osíxeno que non se deriva aos gases de escape é distribuído entre as reaccións de oxidación e un aumento da cantidade de osíxeno disolto na masa metálica.

Para calcular a cantidade de osíxeno diluído no metal, considérase que o contido de osíxeno da masa de metal debe ser igual ao seu límite de solubilidade, o cal vén determinado pola mínima concentración en equilibrio cos outros elementos diluídos.

Así, nun intervalo de tempo Δt , despois de n pequenos pasos de tempo Δt_s , o contido de osíxeno na reacción da zona M/G,

$$C_{O1}^{t(n)} = \frac{C_{O1}^{t(n-1)} M_{mg}^{t(n-1)} + (Q_O^t * \Delta t_s - \frac{R^t}{N})}{M_{mg}^{t(n)}} * 100$$

Onde,

- mg representa a zona de reacción de M/G.
- $n = 1, \dots, N$
- M_{mg} é a cantidade de metal en cada un dos instantes, en kg.
- Q_O^t é a fluxo de osíxeno, en kg/s.
- R^t representa a cantidade de osíxeno consumida nas reacción de oxidación no intervalo de tempo Δt , en kg.
- $C_{O1}^{t(n)}$ é a concentración de osíxeno despois de $(n - 1) * \Delta t_s$ durante o período $t \sim t + \Delta t$ na zona de reacción M/G (dada en % de peso).

En cada pequeno paso de tempo Δt_s , a cantidade do elemento que se oxida é,

$$W_{mg}^{i(t)(n)} = \frac{1}{m} * \frac{M_i}{M_O} * \frac{R^t}{N}$$

Onde,

- $W_{mg}^{i(t)(n)}$ é o cambio de peso do elemento i na zona de reacción M/G nun pequeno intervalo de tempo Δt_s , durante o período $t \sim t + \Delta t$. Dada en kg.
- m é o número de átomos de osíxeno que se integra por cada átomo do elemento específico i .
- $i = Si, Mn, C, Cr, Fe$.

A cantidade do correspondente óxido formado é,

$$W_{mgs}^{j(t)(n)} = \frac{1}{m} * \frac{M_j}{M_i} * W_{mg}^{i(t)(n)}$$

Onde,

- $W_{mgs}^{j(t)(n)}$ é o cambio de peso da compoñente da escoura j debida á reacción na zona M/G nun pequeno intervalo de tempo Δt_s , durante o período $t \sim t + \Delta t$. Dada en kg.

- $j = SiO_2, MnO, Cr_2O_3, FeO$
- $i = Si, Mn, Cr, Fe$
- mgs representa a compoñente j da escoura na zona M/G da reacción.

Nun período de tempo da reacción, Δt , o cambio total no peso de cada elemento i do metal e cada elemento j da escoura, como resultado das reaccións M/G, é:



$$W_{mg}^{i(t)} = \sum_{n=1}^N W_{mg}^{i(t)(n)} \quad (i = Si, Mn, C, Cr, Fe)$$

$$W_{mgs}^{j(t)} = \sum_{n=1}^N W_{mgs}^{j(t)(n)} \quad (j = SiO_2, MnO, Cr_2O_3, FeO)$$


9.1.2 Zona reacción M/S

Nesta zona teñen lugar as seguintes reaccións,


- O óxido de cromo (III), escoura provinte de reaccións anteriores, reacciona co carbono da mestura para dar lugar a cromo e monóxido de carbono, ademais de reaccionar co silicio da mestura para dar lugar a máis cromo e máis sílice,



- O óxido ferroso e o cromo reaccionan entre eles para obter como resultado ferro e máis óxido e cromo,



- Mentres que o carbono da mestura reacciona tamén co óxido de manganeso para dar lugar a monóxido de carbono e manganeso,



Un concepto similar ao empregado na zona de reacción M/G é o que se considera para esta tamén. Aquí, unha cantidade constante da capa do metal M_{ms}^t da masa e outra da escoura M_{sm}^t entran na zona de reacción M/S nun intervalo de tempo fixo Δt . A suposición para o comportamento de M_{ms}^t e M_{sm}^t é tamén similar á da reacción M/G. Asíumese que todas as reaccións da zona M/S acadan o equilibrio final.

Cando as reaccións alcanzan o equilibrio na zona M/S, de acordo coa ecuación do balance de masa, o contido do equilibrio dos elementos metais e da escoura das compoñentes da reacción da zona M/S deben ser,

$$C_{ms(i)}^{t(e)} = \frac{M_{ms}^{t-1} C_{ms(i)}^t - W_{ms}^{i(t)}}{M_{ms}^t} \quad i = Si, Mn, C, Cr$$

$$C_{sm(j)}^{t(e)} = \frac{M_{sm}^{t-1} C_{sm(j)}^t - W_{sm}^{j(t)}}{M_{sm}^t} \quad j = SiO_2, MnO, Cr_2O_3, FeO$$

Con,

$$W_{sm}^{j(t)} = \frac{M_j}{M_i} W_{ms}^{i(t)} \quad (i = Si, Mn, Cr, Fe; \quad j = SiO_2, MnO, Cr_2O_3, FeO)$$

Onde,

- $C_{ms(i)}^{t(e)}$ é o contido de equilibrio do elemento metálico i na zona de reacción M/S no momento (t). Dado en porcentaxe de peso.

- M_{ms}^t é a masa do metal na zona de reacción M/S no momento (t). Dada en kg.
- $C_{ms(i)}^t$ é o contido inicial do elemento metal i na zona de reacción M/S no momento (t). Dado en porcentaxe de peso.
- $W_{ms}^{i(t)}$ é o cambio no peso do elemento i na zona M/S. Dado en kg.
- $C_{sm(j)}^{t(e)}$ é o contido de equilibrio da compoñente da escoura j na zona de reacción M/S no momento (t). Dado en porcentaxe de peso.
- M_{sm}^t é a masa da escoura na zona de reacción M/S no momento (t). Dada en kg.
- $C_{sm(j)}^t$ é o contido inicial da compoñente da escoura j na zona de reacción M/S no momento (t). Dado en porcentaxe de peso.
- $W_{sm}^{j(t)}$ é o cambio no peso do elemento j da escoura na zona de reacción M/S. Dado en kg.
- M_i é o peso atómico do elemento i, en kg/kmol.
- M_j é o peso molecular do óxido j, en kg/kmol.
- $ms(i)$ representa o elemento i na zona de reacción M/S.
- $sm(j)$ representa o óxido j da zona de reacción M/S.

9.1.3 Cálculos xerais do metal e escoura

Na etapa de soprado de osíxeno, o cambio total no peso do osíxeno do metal e da escoura debe ser a suma do cambio de peso nas zonas de reacción M/G e M/S durante o período t ($t = \Delta t$).

$$W_M^t = W_M^{(t-\Delta t)} - \left(\sum_i W_{mg}^{i(t)} + \sum_i W_{ms}^{i(t)} \right) \quad i = Si, Mn, C, Cr, Fe$$

$$W_S^t = W_S^{(t-\Delta t)} + \left(\sum_j W_{mgs}^{j(t)} + \sum_j W_{sm}^{j(t)} \right) \quad j = SiO_2, MnO, Cr_2O_3, FeO$$

Onde,

- W_M^t é o peso do metal no momento (t), dada en kg.
- W_S^t é o peso total da escoura momento (t), dada en kg.

En calquera momento na etapa de soprado de osíxeno, a composición da masa debería ser,

$$C_i^t = \frac{\{C_i^{(t-\Delta t)} * W_M^{(t-\Delta t)} - (W_{mg}^{i(t)} + W_{ms}^{i(t)})\}}{W_M^t} \quad i = Si, Mn, C, Cr, Fe$$

Entón, a composición da escoura será,

$$C_j^t = \frac{\{C_j^{(t-\Delta t)} * W_S^{(t-\Delta t)} + (W_{mgs}^{j(t)} + W_{sm}^{j(t)})\}}{W_S^t} \quad j = SiO_2, MnO, Cr_2O_3, FeO$$

A presión parcial do CO durante esta fase do proceso pode ser calculada como,

$$Q_{CO}^t = \frac{M_{CO}}{M_C} \frac{(W_{mg}^{C(t)} + W_{ms}^{C(t)})}{\Delta t}$$

$$p_{CO}^t = p^t \frac{Q_{CO}^t}{(Q_{CO}^t + Q_{Ar}^t)}$$

Onde,

- Q_{CO}^t é a taxa de fluxo de CO, en kg/s.
- p^t é a presión total no momento considerado (t), en Pa.
- p_{CO}^t é a presión parcial do CO no instante (t), dada en Pa.

A temperatura da masa pódese deducir de acordo á “Lei de Conservación de Calor” no proceso VOD,

$$\sum H_{in}^t - \sum H_{out}^t = \int_{T(t)}^{T(t+\Delta t)} (W_M^t * c_P^M + W_S^t * c_P^S) * dT$$

Onde,


- $\sum H_{in}^t$ é a suma de toda a calor da reacción durante Δt . Para calculala pódense empregar as reaccións de oxidación dos respectivos elementos. Medida en J.
- $\sum H_{out}^t$ está formada por toda a calor perdida durante o proceso VOD como pode ser a asociada cos gases de escape e a través da parede da culler, dada en J.
- c_P^M fai referencia á capacidade calorífica do metal a presión constante, dada en $J/(K * kg)$.
- c_P^S fai referencia á capacidade calorífica da escoura a presión constante, dada en $J/(K * kg)$.

9.2 Fase II e III: Desgasificación e Redución


A fase de desgasificación comeza cando o soprado de osíxeno se detén. A presión redúcese para lograr desgasificar e descarbonizar continuamente. Na seguinte fase de redución, algúns aliados son engadidos para reducir a cantidade de Cr_2O_3 na escoura e así controlar a composición e temperatura final do aceiro. Nestas dúas etapas, tan só hai unha zona de reacción M/S na culler.

As seguintes reaccións son as que teñen lugar na fase de desgasificación, o carbono reacciona con,


- O osíxeno para dar lugar a monóxido de carbono,







- O óxido de cromo (III) para obter cromo e máis monóxido de carbono,



- O óxido de manganeso para dar lugar a manganeso e máis monóxido de carbono,



Na fase de redución prodúcense as seguintes reaccións,



9.3 Resultados e conclusións do modelo dinámico

A eficiencia do osíxeno empregado na etapa de soprado do proceso VOD é considerada do 90 por cento de acordo a datos industriais. Os caudais seleccionados de metal e escoura nas zonas de reacción ($M_{mg}^t = \eta_1 * W_M^t$, $M_{ms}^t = \eta_2 * W_M^t$ e $M_{sm}^t = \eta_3 * W_S^t$) dependen das condicións de produción. Cando a taxa de caudal de axitación do inferior se incrementa, as

condicións dinámicas das reaccións M/G e M/S mellóranse, e os valores dados por η_1, η_2 e η_3 , elévanse. Pola contra, se a taxa de caudal de axitación do inferior se diminúe, eses valores descenden.

Onde,

- η_1 é un parámetro axustable que relaciona a fracción de metal que entra na zona de reacción M/G coa cantidade total de metal no intervalo de tempo Δt .
- η_2 é un parámetro axustable que relaciona a fracción de metal que entra na zona de reacción M/S coa cantidade total de metal no intervalo de tempo Δt .
- η_3 é un parámetro axustable que relaciona a fracción de escoura tomada na zona de reacción M/S coa cantidade total de escoura no intervalo de tempo Δt .

A continuación, móstranse os resultados obtidos con respecto ao cambio de composición do metal e escoura e ao cambio de temperatura dun estudo realizado por R. Ding, B. Blanpain, P.T. Jones e P. Wollants.




Ilustración 11: Resultados obtidos relativos á composición do metal durante o estudo levado a cabo por R. Ding, B. Blanpain, P.T. Jones e P. Wollants ¹³

¹³ [6]




Ilustración 12: Resultados obtidos relativos á composición da escoria durante o estudo levado a cabo por R. Ding, B. Blanpain, P.T. Jones e P. Wollants¹⁴




Ilustración 13: Temperatura da escoria e do Cr_2O_3 pertencente á escoria durante o estudo levado a cabo por R. Ding, B. Blanpain, P.T. Jones e P. Wollants¹⁵

¹⁴ [6]

¹⁵ [6]




Ilustración 14: Peso da escoura e do Cr_2O_3 pertencente á escoura durante o estudo levado a cabo por R. Ding, B. Blanpain, P.T. Jones e P. Wollants¹⁶

Este estudo demostrou que hai certos parámetros que son difíciles de calcular de forma precisa, como poden ser as fluctuacións na composición de aliados, o cambio de presión durante o proceso VOD, o peso da escoura dende o convertedor, e o cambio no poder calorífico da escoura e do metal durante o proceso.

O efecto dalgúns parámetros de control de produción no proceso VOD son importantes para a obtención duns resultados axustados.

¹⁶ [6]

9.3.1 Caudal de osíxeno e tempo de soprado




Ilustración 15: Relación de distribución do osíxeno calculado durante o período de soprado de osíxeno ($F_{O_2} = 30 \text{ Nm}^3/\text{min}$, $P = 1.0 \cdot 10^4 \text{ Pa}$) no estudo levado a cabo por R. Ding, B. Blanpain, P.T. Jones e P. Wollants¹⁷

A relación de distribución do osíxeno dun elemento (n), λ_n , fai referencia á proporción de osíxeno consumida pola oxidación deste elemento en comparación coa cantidade total de osíxeno consumida por todas as reaccións de oxidación na etapa de soprado.

Tras o estudo, compróbase que a oxidación do cromo comeza tan só uns poucos minutos despois de que o soprado de osíxeno se inicie. O manganeso oxidárase durante a etapa completa de soprado de osíxeno, pero a relación de distribución de osíxeno para este é pequena.

Observando os resultados, o momento no que o cromo primeiro comeza a oxidarse é determinado pola composición do aceiro e a escoura, a presión de baleiro, caudais de osíxeno e caudais de argón.

Na gráfica da ilustración 11 obsérvase claramente que a relación de distribución de osíxeno do carbono é case cero cando o período de soprado acaba os 41 minutos. O osíxeno soprado en exceso despois deste momento é consumido polo cromo e polo manganeso parcialmente.

No proceso VOD, a relación de distribución de osíxeno do carbono debería ser tan alta como fose posible. Simultaneamente, a relación de distribución de osíxeno do cromo debe ser tan baixa como sexa posible para reducir as posibles perdas deste.

Uns caudais elevados de osíxeno diminúen a relación de distribución de osíxeno do carbono o que significa que baixos caudais de osíxeno son favorables para a descarbonización.

No proceso de produción débese realizar un compromiso entre un caudal elevado de osíxeno (coa conseguinte oxidación en exceso do cromo) e un baixo caudal (cun exaxerado tempo de soprado). Do estudo anteriormente mencionado, dedúcese que un caudal óptimo de osíxeno é de $25 \text{ Nm}^3/\text{min}$ cun tempo de soprado apropiado de 41 minutos para unha masa de metal de 121 t inicialmente, resultando 126.3 t da composición final. Na actualidade, os valores escollidos para a mesma composición, según o estudo de R. Ding, B. Blanpain, P.T. Jones e P. Wollants, son de 46 minutos cun caudal de $30 \text{ Nm}^3/\text{min}$.¹⁸

¹⁷ [6]

¹⁸ [6]




Ilustración 16: Relación de distribución do osíxeno de [C] a diferentes fluxos de osíxeno segundo o estudo de R. Ding, B. Blanpain, P.T. Jones e P. Wollants¹⁹

9.3.2 Influencia da intensidade de axitación inferior do argón e da duración do tempo de redución

A intensidade da axitación inferior do argón afecta á cantidade de reacción do metal e da escoura M_{mg}^t, M_{ms}^t e M_{sm}^t .

Para investigar a influencia do argón nas reaccións M/G e M/S e para encontrar parámetros óptimos para a produción nun proceso industrial, no mencionado estudo calcúlase a variación do contido de cromo e carbono na primeira etapa sobre diferentes valores de η_1 e, obtense tamén, a velocidade de redución de (Cr_2O_3) na terceira etapa con distintos valores de η_2 .

¹⁹ [6]




Ilustración 17: Contido de carbono calculado en función do tempo de soprado de osíxeno, para distintos valores do parámetro axustable η_1 ($F_{O_2} = 30 \text{ N} \cdot \text{m}^3/\text{min}$, $P = 1.0 \cdot 10^4 \text{ Pa}$)²⁰




Ilustración 18: Contido de cromo no metal en función do tempo de soprado de oxíxeno para diferentes valores do parámetro axustable η_1 ($F_{O_2} = 30 \text{ N} \cdot \text{m}^3/\text{min}$, $P = 1.0 \cdot 10^4 \text{ Pa}$)²¹

Conclúese que, na fase de soprado de osíxeno a influencia da axitación do argón na oxidación do carbón e cromo non é moi diferente. O contido de carbón e cromo alcanzará o mesmo valor ao final da etapa de soprado para distintas condicións de axitación na masa, aunque poden ser distintas na metade da fase de soprado. Sen embargo, na etapa de redución, a influencia do argón é moito maior.

²⁰ [6]

²¹ [6]




Ilustración 19: Cr_2O_3 calculado no contido de escoura en función do tempo de redución para diferentes valores do parámetro axustable η_2 ($P = 500 \text{ Pa}$)²²




Ilustración 20: Influencia da presión de baleiro na taxa de descarbonización durante a fase de soprado de osíxeno ($F_{O_2} = 30 \text{ N} \cdot \text{m}^3/\text{min}$)²³

As gráficas anteriores pertencen ao estudo mencionado, delas pódese deducir que o tempo da etapa de redución pode ser amplamente reducido aumentando o caudal de argón. O óxido de cromo na escoura é reducido practicamente por completo despois de 25 minutos. O caudal de argón é de $0.96 \text{ Nm}^3/\text{min}$ para un $\eta_2 = 0.12$.

²² [6]

²³ [6]

9.3.3 Influencia da presión do proceso durante a etapa de soprado




Ilustración 21: Influencia da presión de baleiro, en Pa, na distribución de osíxeno en relación co contido de carbono e cromo²⁴




Ilustración 22: Influencia da presión de baleiro sobre o contido de carbono²⁵

Nas gráficas anteriores obsérvase que se a presión é superior a $2.0 \times 10^4 Pa$, a taxa de descarbonización é pequena ao inicio do proceso de soprado. Cando a presión de baleiro acada os $2.0 \times 10^4 Pa$, o cromo oxídase inmediatamente desde o principio do soprado. A relación de distribución do osíxeno do cromo alcanza o 36% ao principio do soprado, e no final o contido de carbono é máis alto que o realmente necesario se a presión é superior a $2.0 \times 10^4 Pa$.

Pódese concluír que a presión debería estar controlada en torno a $1.0 \times 10^4 Pa$.

Como resultado do estudo completo dedúcese que un caudal de osíxeno máis baixo é favorable para a descarbonización e, unha presión elevada no proceso aumenta a oxidación do cromo. Na fase de redución, o tempo verase significativamente reducido polo aumento da intensidade axitación do fondo. Así, para favorecer ao proceso VOD suxírese unha diminución no caudal de osíxeno, o caudal do argón debería aumentar na etapa de redución para así

²⁴ [6]

²⁵ [6]

abreviar o tempo desta fase; é máis, a presión deberíase manter nuns $1.0 * 10^4 Pa$ durante a fase de soprado de osíxeno.

10 OPTIMIZACIÓN DO PROCESO VOD CON BOMBAS DE BALEIRO MECÁNICAS

Despois da descrición dos procesos VOD e VD coñécese a necesidade de xerar baleiro. Polo tanto, seleccionar o mecanismo de bombeo idóneo é unha decisión crítica para as empresas que traballan con tecnoloxía de baleiro, a fiabilidade do equipo de baleiro e o baixo custo son dúas características esenciais para triunfar no mercado.

As bombas de baleiro eran xa coñecidas como boas substitutas das bombas exectores de vapor na desgasificación ao baleiro (VD) na industria siderúrxica. Son tamén alternativas destacadas para a descarbonización de osíxeno ao baleiro (VOD) xa que a velocidade de succión pódese controlar idealmente para adaptarse ás diversas fases do proceso ao baleiro.

10.1 Soprado programado de osíxeno

Como xa é sabido de apartados anteriores, na siderurxia de convertedores, o concepto de soprado de osíxeno programado é ben coñecido. Emprégase para deseñar varios tipos de boquillas de lanzas de osíxeno que optimizará a formación da escoura e minimizará as salpicaduras mediante a variación controlada do fluxo de osíxeno e a distancia entre a lanza e o baño durante o soprado.

O concepto de soprado programado de osíxeno adaptouse ao proceso de VOD dunha forma lixeiramente diferente. Como a escoura é sólida durante unha parte considerable do proceso de baleiro e non se pode aplicar a desfosforización, os puntos focais son no seu lugar,

- Taxa elevada de descarbonización principal minimizando as salpicaduras.
- Mantemento dunha penetración definida do chorro de osíxeno no metal líquido.
- Minimización da sobre-oxidación e do exceso de temperatura do metal ao reducir a presión do recipiente de baleiro e o fluxo de osíxeno cara o final do soprado.

O soprado de osíxeno lévase a cabo tan só ata o punto no que se pode empregar o osíxeno diluído para realizar a descarbonización final, xeralmente de 0.03 - 0.05% ata 0.01-0.02% de C.

Xa se sabe de apartados anteriores, que é inevitable que cromo, xunto con algo de manganeso e ferro se oxiden durante o soprado de osíxeno. Isto provoca que a escoura se volva completamente sólida pola saturación con Cr_2O_3 . Para licuar a escoura e transformala, engádense desoxidantes e desulfurantes, axentes reductores (FeSi) e formadores de escoura (cal, bauxita, espato flúor) que se fan reaccionar coa escoura durante uns 8-20 minutos baixo a rigorosa axitación de argón.

A modo introdución pódese confirmar que os altos custos de xeración e mantemento do baleiro poden superarse substituíndo as bombas exectores de vapor por bombas de baleiro mecánicas, inicialmente para o proceso de desgasificación ao baleiro (VD) pero posteriormente tamén para o proceso de descarbonización de osíxeno por baleiro (VOD).

Cun coñecemento detallado sobre o proceso de baleiro, as bombas de baleiro mecánicas poden deseñarse con éxito para calquera peso de calor que se houberse seleccionado previamente cunha bomba exector de vapor. De feito, a velocidade de succión das bombas de baleiro mecánicas pódese controlar idealmente para adaptarse ás diversas fases do proceso de baleiro.

As normas internacionais actuais para os sistemas de baleiro mecánico baséanse nas bombas de baleiro tipo base de última xeración e nas bombas de baleiro tipo parafuso secas. Seleccionar ditas solucións de bombas mecánicas modernas tamén ofrece excelentes posibilidades para controlar o proceso, e emprega un deseño moi fiable, permitindo que as bombas sobrevivan dentro da contorna da planta de aceiro agresivo. Ao instalar bombas estándar en varias disposicións, pódese cumprir mesmo cos requisitos de maior succión a un prezo competitivo, á vez que un céntrase nas normas de seguridade de alto nivel.

Para contrastar esta afirmación emprégase un artigo de Anke Teeuwsen “Descarbonización de oxíxeno ao baleiro de aceiro inoxidable: Optimización do proceso con bombas de baleiro mecánicas”.²⁶

A descarbonización do aceiro inoxidable xeralmente optimízase para lograr a máxima produtividade. Polo tanto, unha das primeiras medidas a levar a cabo para o deseño dunha nova instalación de VOD, é determinar cal é o límite superior real da taxa de descarbonización e en qué nivel se encontra. Ademais, como a descarbonización por soprado de osíxeno remata a unha temperatura bastante alta, o axuste ao final do soprado debe estar ben definido para minimizar a sobre-oxidación e o sobre-quecemento.

10.2 Taxa máxima de descarbonización: limitacións do volume de reacción

A forte turbulencia provocada pola descarbonización no aceiro e na escoura é o motivo polo cal a taxa de descarbonización é considerablemente máis baixa que nun proceso de conversión.

Un convertedor para a fabricación de aceiro inoxidable ten un volume interior específico de 0.55 a 0.60 m^3/t de metal para contelos. En contraste con isto, as culleres usadas para o proceso VOD terán só 0.1-0.2 m^3/t de metal, incluíndo un nivel de 0.5 m. Polo tanto, o volume de reacción específico dispoñible limita severamente a velocidade de descarbonización no proceso VOD en comparación cun proceso de conversión. Un proceso de conversión pode alcanzar unha taxa de descarbonización de 0.1-0.13% por minuto, usando boquillas inferiores ou laterais e unha lanza superior.

Dado que o volume dispoñible para a reacción está amplamente por enriba da área de baño, é o que determina a taxa máxima de descarbonización na culler de VOD. Entón, descríbese a taxa específica máxima de descarbonización en termos de kg C eliminados por m^2 de área de baño por minuto. Un estudo de varias calores VOD de 5 toneladas a 100 toneladas mostra que a taxa media de descarbonización acada ata 2.0 $kg/(m^2 * min)$.²⁷

A taxa máxima media específica de descarbonización só se alcanza por enriba de aproximadamente o 0.4% de C, como se pode comprobar na gráfica mostrada a continuación. Isto deriva do feito de que a gráfica mostra a taxa media e que a taxa en calquera caso fréase con contidos de C inferiores a 0.2-0.3%.

²⁶ [7]

²⁷ [7]




Ilustración 23: Taxa de descarbonización en varios procesos estudados no artigo de Anke Teeuwsen²⁸

De feito, os procesos de conversión poden descarbonizar de 5 a 10 veces máis rápido que o proceso VOD, o que demostra unha limitación deste. Un convertedor tamén pode descarbonizar facilmente a partir do 2% de C e o 0.3% de Si, o que sería case imposible cun control de velocidade de succión durante as etapas de descarbonización VOD por razóns de tempo de refinado e formación de escoura.

Así, non existe unha dependencia clara entre o peso do aceiro e a taxa media específica de descarbonización. Como consecuencia, a taxa media alcanzable de descarbonización diminúe co aumento de peso do aceiro porque a área específica do baño diminúe ao aumentar o peso do aceiro.




Ilustración 24: Taxas medias de descarbonización en función do peso do aceiro²⁹

10.3 Equilibrios controlados pola actividade do osíxeno

Soprar osíxeno sobre unha masa fundida con alto contido en cromo dá como resultado unha oxidación sucesiva e superposta de elementos. A orde na que se oxidan as

²⁸ [7]

²⁹ [7]


compoñentes depende da temperatura, da actividade instantánea de cada elemento e do seu óxido ademais da constante de equilibrio de cada un dos elementos.

Cara ao final do ciclo, cun contido de C de 0.03-0.05%, a actividade do osíxeno normalmente aumentará dun nivel inicial de 10-30 ppm a un nivel final de 200-250 ppm. O nivel de actividade do osíxeno final contrólase mediante o Cr, xa que este é o único elemento restante que aínda está relativamente preto do seu alto análise inicial. É esta actividade do osíxeno xunto coa presión e a temperatura do recipiente de baleiro o que determinará o contido de C ao rematar o sopro.

No momento en que o Cr finalmente toma o control xeral da actividade do osíxeno, denomínase contido crítico de carbono, non ten forma de valor fixo senón de rango. Normalmente é de 0.14 a 0.18% de C. A partir deste punto, a taxa de descarbonización xa non é directamente proporcional ao fluxo de osíxeno, senón que é función da temperatura e da presión parcial de CO .

Canto maior sexa a actividade do Cr, máis se debe elevar a temperatura para alcanzar unha certa actividade de osíxeno.

Sen embargo, o comportamento do carbono é a compoñente máis interesante. Este está subordinado á actividade do osíxeno determinada polo Cr cara ao final do soprado. O equilibrio entre C e O depende da presión segundo,



Derivando da actividade do osíxeno, das constantes de equilibrio e da actividade esperada do C, a relación entre a actividade de C, a temperatura, a presión do CO , a actividade do cromo e a actividade do Cr_2O_3 pódese formular da seguinte maneira:

$$a_C = \sqrt[3]{\frac{p_{CO}^3 * a_{CR}^2}{a_{Cr_2O_3} * f(T)}}$$

Na ecuación anterior, solo a presión e a temperatura de CO están dispoñibles para a optimización porque a actividade de Cr ven dada polo grao de aceiro. Teoricamente, a actividade de C ao final do soprado pódese supoñer como na expresión dada.

En contraposición, na realidade, a situación é máis complexa porque a presión de CO calculada non é totalmente igual á presión do recipiente de baleiro e o contido de C na masa fundida é máis alto que na superficie da masa fundida en contacto coa presión do recipiente.

Tendo en conta algunhas das correccións empíricas e específicas da planta de presión de CO , pódese confirmar a relación entre a actividade de C e a presión medida do recipiente de baleiro dentro dun rango de temperatura definido. O carbono descríbese en termos de actividade tendo en conta a interacción do Cr e os demais elementos.

Na seguinte gráfica móstrase que a actividade do C redúcese aproximadamente un 0.0025% por cada caída de presión de 10hPa na presión do recipiente de baleiro ao final do soprado.




Ilustración 25: Actividade do C en función da caída de presión. Datos obtidos da tesis doctoral de Dr. Otto.³⁰

Os números anteriores non son xeralmente aplicables, pero dan unha idea do que se pode lograr nun taller de fundición dado cun proceso de VOD ben controlado, como se pretende no proxecto aquí tratado.

Supoñendo que a temperatura e a presión do recipiente de baleiro se poden controlar de forma independente, pódese visualizar a influencia da temperatura sobre a actividade do C a presión constante do recipiente de baleiro.

Un aumento de temperatura no final do soprado de 10K reduce a actividade do C nun 0.0025-0.0050%, de novo específico para unha fundición determinada e un proceso VOD ben controlado.

10.4 Programa de soprado

O proceso VOD empregado na actualidade inclúe un programa de soprado calculado en tempo real para cada calor. Xeralmente, dito programa de soprado divide o soprado do osíxeno en 5 fases, cada unha co seu fluxo de osíxeno óptimo, a presión do recipiente de baleiro e a distancia entre a lanza e o baño.

O soprado empezará coa lanza máis cerca do baño para asegurar o acendido. Tras uns minutos, comeza a descarbonización e auméntase a distancia da lanza para protexer a lanza de osíxeno e reducir as salpicaduras aplicando unha intensidade máis suave.

O soprado de osíxeno continúa a toda velocidade ata que se acerca ao contido crítico de C. A partir do momento en que se acaba o contido crítico de C en adiante, o osíxeno reaccionará cada vez en maior medida co Cr, que é un combustible rico en enerxía. Si o sopro de osíxeno continúa cun fluxo constante, a temperatura a partir dese momento aumentaría máis rápido que antes. Isto non é desexable, entón, o fluxo de osíxeno redúcese, de maneira continua e gradual, de forma que a temperatura aumenta só lentamente. Co fin de manter a penetración do chorro de osíxeno no baño de metal, a distancia da lanza redúcese proporcionalmente á redución do fluxo de osíxeno.


En cambio, neste período, a descarbonización promóvese pola caída da presión do recipiente de baleiro. Continúa ata que se consegue o contido de C de final de carreira

³⁰ [8]

desexado. A bomba de baleiro mecánica está excelentemente adaptada para controlar a presión do recipiente requirida para unha boa descarbonización.

10.5 Ebulición

Debido a que o contido de carbono ao final do soprado continúa sendo considerablemente máis elevado que o contido final de C desexado, elimínase este por reacción co osíxeno disolto en combinación cunha forte axitación de argón durante a fase de ebulición. A autod Descarbonización é provocada pola redución da presión do recipiente de baleiro de acordo coa reacción dependente da presión,



A taxa de descarbonización automática depende da taxa de transporte de carbono e osíxeno nas proximidades da superficie da masa fundida onde ten lugar a reacción. Nunha culler determinada, esta velocidade de transporte depende principalmente do fluxo de argón. A taxa de descarbonización durante o fervido descríbese por medio da seguinte función exponencial,

$$\%C = (\%C_{init} - \%C_{infinite}) * e^{-k \frac{A}{V} * t} + \%C_{infinite}$$

Onde,

- K: constante da taxa de descarbonización, m/min.
- A: área do baño estancada, m^2 .
- V: volume do baño, m^3 .
- t: tempo de reacción, min.

É posible obter un baixo contido de C cunha actividade baixa de osíxeno, pero require dunha presión de CO baixa ademais dunha baixa temperatura ao final da operación.

Tamén é factible lograr o mesmo contido de C a maior actividade de osíxeno, é dicir, a maior temperatura e a maior presión de CO.

Segundo diversos estudos, móstrase que se pode alcanzar unha velocidade de descarbonización constante de aproximadamente 0.20 m/min sempre que a relación molar O/C sexa o suficientemente elevada.³¹ Se non está presente o suficiente osíxeno disolto, este debe provir dos óxidos na escoura sólida da culler, o que diminúe considerablemente a velocidade de descarbonización. Polo tanto, a relación temperatura-presión ao final do soprado debe optimizarse para adaptarse aos requisitos de descarbonización final durante o fervido.

A presión do recipiente de baleiro debe ser tan baixa que inicie a reacción de autod Descarbonización. Por outro lado, traballar cunha presión excesivamente baixa non acelera realmente a descarbonización, senón que crea máis derrames. Polo tanto, a presión do recipiente de baleiro redúcese gradualmente para permitir un control suficiente das reaccións de ebulición. De novo, a bomba de baleiro mecánica é adecuada para controlar a velocidade de succión e, polo tanto, a presión de succión, segundo sexa requirido polo proceso.

³¹ [7]

10.6 Descarbonización

Facendo unha análise máis polo miúdo do proceso de descarbonización, intentando así asentir os coñecementos anteriormente expostos, descríbese esta termodinámica e cinemáticamente.

10.6.1 Termodinámica da descarbonización

Como xa se sabe, a eliminación do carbono disolto dende o aceiro durante a desgasificación por baleiro nace a partir da seguinte reacción,



Onde a constante de equilibrio está dada por,

$$K_{C-O} = \frac{p_{CO}}{a_C * a_O}$$

Para concentracións baixas, as actividades de C e O equivalen ás súas concentracións, tales como:

$$K_{C-O} = \frac{p_{CO}}{[\%C]_{eq} * [\%O]}$$

Sendo a constante de equilibrio,³²

$$\log K_{C-O} = \frac{1.168}{T[K]} + 2.07$$

Por outro lado, para obter a concentración de osíxeno presente na reacción, coñécese que a porcentaxe en peso responde á seguinte expresión,

$$\% \text{ en peso} = \frac{m_{O_2}}{m \text{ mezcla}} = \frac{m_{O_2}}{m \text{ aceiro} + m \text{ osíxeno} + m \text{ argon}}$$

$$\% \text{ en peso} = \frac{m_{O_2}}{m \text{ aceiro} + m \text{ osíxeno} + m \text{ argon}_{\text{desgasificación}} + m \text{ argon}_{\text{reducción}}}$$

Os cálculos correspondentes aos parámetros descritos con anterioridade e relativos ao presente proxecto, son desenrolados no documento nomeado como "ANEXO: CÁLCULOS" deste mesmo traballo.

³² [9]




Ilustración 26: Concentraciones de equilibrio [C] e [O] a diferentes presiones³³

10.6.2 Cinemática da descarbonización

A velocidade de descarbonización está dada pola seguinte relación:

$$\ln \left\{ \frac{[\%C]_f - [\%C]_{eq}}{[\%C]_i - [\%C]_{eq}} \right\} = -k_c t$$

Onde,

- $[\%C]_f$ é a concentración de carbono despois do tempo t .
- $[\%C]_i$ é a concentración inicial de carbono.
- $[\%C]_{eq}$ é a concentración de carbono en equilibrio.
- k_c é a constante de reacción para a descarbonización, en min^{-1} .

Ao reorganizar os termos da anterior ecuación en función da concentración de carbono final, obtense por resultado,

$$[\%C]_f = [\%C]_{eq} + ([\%C]_i - [\%C]_{eq}) * \exp(-k_c t)$$

Onde $[\%C]_i$ e $[\%C]_f$ son os contidos de carbono antes e despois da descarbonización, respectivamente, $[\%C]_{eq}$ é o contido de carbono en equilibrio, e k_c é a constante de reacción para a descarbonización. A constante da reacción está dada por:

$$k_c = k * A/V$$

Onde,

- K : constante da taxa de descarbonización, m/min .
- A : área do baño estancada, m^2 .
- V : volume do baño, m^3 .

Unha vez obtido o valor da constante da reacción k_c , débese calcular o valor da concentración de carbono inicial requirido para obter como resultado o aceiro desexado,

³³ [7]

aceiro inoxidable austenítico AISI 316L, cuxa ficha técnica xa foi descrita con anterioridade neste proxecto.

$$[\%C]_f = [\%C]_{eq} + ([\%C]_i - [\%C]_{eq}) * \exp(-k_c t)$$

Os cálculos correspondentes aos parámetros descritos con anterioridade e relativos ao presente proxecto, son desenrolados no documento nomeado como “ANEXO: CÁLCULOS” deste mesmo traballo.

10.6.3 Control da velocidade de succión durante as fases de descarbonización

O control da velocidade de succión da bomba de baleiro é de elevada importancia para o control do proceso, tanto en termos de lograr o obxectivo metalúrxico como de limitar o derrame. Como a xeración de gases de escape e os requisitos de presión de baleiro varían rigorosamente no curso dun tratamento completo, a bomba de baleiro a de ser igualmente flexible.

Como principio xeral, a velocidade de aspiración contrólase variando a frecuencia e conectando ou desconectando motores eléctricos ademais de abrindo ou cerrando válvulas de peche na bomba de baleiro. Non se desperdicia enerxía eléctrica para controlar a velocidade de succión. En comparación, a variación da velocidade de succión cunha bomba exector de vapor prodúcese principalmente mediante a re-circulación de gases de escape variable, que varía a velocidade de succión pero non reduce o consumo de vapor cando se reduce a velocidade de succión.

10.6.4 Control da bomba de baleiro durante as fases de soprado de osíxeno

Nos primeiros minutos de soprado de osíxeno este é consumido principalmente por Al e Si; como resultado, o fluxo de gases de escape é moi baixo.

Cando o Al practicamente desapareceu e gran parte do Si se oxidou de forma que aumenta a actividade de osíxeno no baño de aceiro, a descarbonización ponse en marcha e xera CO e CO₂. Para evitar derrames fortes debido á ebulición eruptiva cando comeza a descarbonización, é necesario manter a presión do recipiente artificialmente alta durante uns minutos. Polo tanto, a velocidade de succión da bomba de baleiro contrólase de maneira que a presión se manteña practicamente constante a 150-200 hPa durante a oxidación de Al e o Si.

Durante a descarbonización, a presión mantense máis baixa e cae cara ó final do soprado. Existen dúas posibilidades de control da velocidade de succión:

- A presión do tanque contrólase de forma directa para reducir progresivamente o nivel actuando en circuío pechado nas frecuencias do motor eléctrico..
- A presión do tanque contrólase indirectamente mediante o establecemento de frecuencias fixas do motor eléctrico que permiten que a presión varíe e caia finalmente como resultado da caída sucesiva do fluxo de gas de escape.

A bomba de baleiro mecánica adáptase moi ben a ambos principios de control.

En todos os procesos para a desgasificación do aceiro ao baleiro fórmanse gases e vapores que poderían ser perigosos. Basicamente, CO e H₂ ademais dos vapores de metais volátiles que se liberan da superficie do aceiro. Os vapores do metal e do óxido metálico condénsanse parcialmente en elementos de plantas frías e xeran un po fino. Este po débese separar eficazmente en filtros de mangas especiais, ciclóns e contedores e polo tanto non deben alcanzar as bombas de baleiro.

10.6.5 Control da bomba de baleiro durante o fervido

Durante a ebulición elimínase unha cantidade considerable de carbono ao diminuír a presión en pouco tempo. Estas condicións son apropiadas para a creación de fortes pendentes e problemas operativos prácticos, a non ser que o descenso da presión sexa gradual e estea ben controlado; isto é difícil de obter cunha bomba exector de vapor. Cunha bomba mecánica, é fácil controlar a velocidade de succión e automatizar o proceso de ebulición.

Ao igual que durante o golpe de osíxeno, a bomba de baleiro permite o control automático de dúas formas,

- Provocando que a presión do tanque caia no tempo ao largo dunha curva anteriormente programada, controlada directamente polas frecuencias constantes dos motores eléctricos das bombas mecánicas.
- A velocidade de succión aumenta no tempo ao largo dunha curva anteriormente programada, o que indirectamente fai que a presión do tanque caia.

10.6.6 Propiedades dun sistema de baleiro mecánico

A alta carga de po durante o proceso require un sistema de filtrado adecuado para protexer ao sistema de baleiro mecánico, e na actualidade, existen no mercado filtros de bolsa estándar da industria do aceiro. A especificación do filtro para procesos con soprado de osíxeno asociado é máis difícil e demanda unha refrixeradora dos gases de escape adicional augas arriba para protexer as bolsas de filtro, así como o sistema de baleiro mecánico de alta carga de calor causada polo rango de elevadas presións.

A disposición do sistema de baleiro mecánico, e un tamaño de bomba correcto, reducen o número de interfaces a un nivel óptimo, asegurando unha fácil integración no control do proceso e tamén permitindo así, un funcionamento estable en calquera condición do proceso.




Ilustración 27: Disposición da estación Mechel VD/VOD³⁴

³⁴ [10]

As solucións de baleiro consisten en bombas e compoñentes que deben cumprir coas especificacións de ATEX, debido a que durante o proceso de desgasificación do aceiro prodúcese combustibles inflamables que se se mesturan na concentración correcta co osíxeno, representan unha ameaza relevante de risco de explosión. Este é o motivo polo cal as bombas de baleiro primarias, que requiren refrixeración mediante a entrada de grandes cantidades de aire do ambiente, son non recomendables, xa que o aire adicional aumenta as oportunidades de crear unha mestura de gas explosiva.

Na actualidade, as bombas de baleiro mecánicas estándar xa cumpren cos requisitos de alto nivel para a seguridade.³⁵

Os sistemas de baleiro mecánicos cun rendemento de velocidade de succión igual ou similar poden comprender un número distinto de bombas de baleiro, como resultado do tamaño de bomba seleccionado e o número de etapas de baleiro. Os máis comúns son aqueles de tres ou catro etapas que comprenden bombas de parafuso na primeira etapa e bombas de raíces de etapas múltiples nas etapas de alto baleiro. O número de etapas vén determinado por,

- En primeiro lugar, polo rendemento da velocidade de succión das bombas de parafuso, o que asegura tempos de bombeo curtos e unha operación de baleiro irregular estable.
- En segundo lugar, pola relación de compresión asociada ás bombas de raíces seleccionadas, o que permite un alto rendemento ata unha presión de proceso de 0.67 mbar.

Unha excelente relación de compresión das bombas de raíces minimiza o número de etapas, tamén o número de bombas, e conduce ao sistema de baleiro a unha solución económica e respectuosa co medio ambiente. As bombas de raíz consumen menos enerxía e menos auga de refrixeración en relación co menor custo de inversión en comparación coas bombas de respaldo.

A selección do tamaño da bomba de baleiro debe de estar determinada polo número mínimo requirido de bombas para asegurar no tempo a actividade no caso de falla de bomba nunha das etapas, e polo tamaño máximo de bomba. Debido á experiencia existente neste campo, está comprobado que unha baixada de velocidade de succión de menos do 30%, mantén a operación do proceso con lixeiras restricións na presión final e no tempo de proceso, sen comprometer a calidade do grao de aceiro. Para plantas de aceiro con tempos de ciclos pequenos e cun alto uso da produción, podería ser aplicable a instalación adicional de bombas redundantes, dependendo do tamaño do sistema de baleiro. Isto ao mesmo tempo, atenúa as fugas non programadas no sistema.

Polo tanto, para tamaños de calor máis pequenos, o uso de bombas máis pequenas podería ser aplicable, mentres que un aumento de escala está limitado pola física. Ampliar a cámara da bomba para aumentar a velocidade de succión conduce a masas máis elevadas, encontrando varias limitacións: no manexo debido ao peso, na economía debido aos altos custos, nunha menor relación de compresión debido ás liñas máis longas e cunha maior sensibilidade á carga térmica, debido ao espazo libre estreito e á gran masa para arrefriar. Ao mesmo tempo, as inercias máis elevadas de masas máis grandes conducen a unha lenta aceleración da velocidade de rotación, deteriorando a capacidade de control da presión do proceso e requirindo unha liña de derivación para o proceso de bombeo.

A velocidade de succión dunha bomba de baleiro pode aumentarse con frecuencias máis altas, e como consecuencia, obtense unha masa máis pequena dos rotores. Por último, un deseño simple, sen liñas, válvulas nin instrumentos adicionais, reducirá as interfaces ao mínimo e garantirá un control estable do proceso.

³⁵ [11]

10.6.6.1 Bombas de baleiro de parafuso

O uso deste tipo de bombas é común nos procesos de fabricación industrial, xa que presentan un tempo de evacuación corto debido ás altas capacidades de succión, o seu funcionamento é en seco e sen contacto, poden expandirse a alto baleiro, teñen un baixo nivel de ruído, fácil mantemento e baixos custos de ciclo de vida.

A bomba escollida para o proceso deseñado pertence á empresa Pedro Gil, de cuxo catálogo se elixe o tipo de bomba de parafuso RVS 150,

MODELO	RVS150	RVS300	RVS400	RVS600	RVS1500	RVS3000
Caudal (m ³ /h, 50/60Hz)	110/130	250/300	330/400	660/800	1,250/1,500	2,250/2,700
máximo vacío (Torr)	7.5x10 ⁻²	7.5x10 ⁻²	7.5x10 ⁻²	7.5x10 ⁻²	1.5x10 ⁻²	1.5x10 ⁻²
Potencia Motor (kw, 50Hz/60Hz)	2.2/3.7	7.5/7.5	7.5/11	15/15	30/37	37/55
Velocidad (max. Rpm, 50Hz/60Hz)	2,900/3,500	2,900/3,500	2,900/3,500	2,900/3,500	1,450/1,750	1,450/1,750
Conexión (entrada/salida)	JIS 40/40A	JIS 50/40A	JIS 65/50A	JIS 100/65A	JIS 125/80A	JIS 150/100A
Caudal refrigeración agua(l/min)	5-10	10-15	10-15	15-20	30-40	40-50
Capacidad carter aceite (l/min)	1	2	2	2.5	8	10
Tipo de cierre	HV : Doble retén de aceite / LV : Reten aceite + cierre mecánico					
Peso Aprox. (Eje libre, kg)	165	340	450	620	1,200	1,500






Ilustración 28: Bomba de parafuso da empresa Pedro Gil³⁶

Neste caso, a bomba de parafuso por si sola non é capaz de acadar o nivel de baleiro esixido, motivo polo cal se debe combinar con bombas de raíces de etapas múltiples, colocadas en serie con esta.

O funcionamento das bombas RVS de parafuso é mediante un par de rotores que xiran en sentido contrario ou un do outro, sen contacto entre eles nin coa carcasa e sen ningún líquido de peche, sincronizados mediante un par de engrenaxes, aspirando os gases do proceso pola brida de aspiración e desprazándoos, a través dos rotores, á brida de impulsión.

O parafuso híbrido, en comparación cos parafusos tradicionais, incrementa considerablemente a eficiencia da compresión, para un bombeo máis rápido e homoxéneo, reducindo o incremento de temperatura pola compresión, o que fai o bombeo máis seguro, en especial durante a descarga de gases, gracias ao especial deseño en espiral hidrodinámica da camisa de refrixeración da carcasa, o que cumpre coas directivas ATEX. O alto rendemento vese tamén reflexado no consumo enerxético da bomba.

Os accesorios adicionais que comunmente presenta esta bomba son o pre-condensador, depósito de condensados, válvula de illamento, kit para gas de purga na aspiración, kit de spray disolvente na aspiración, filtro de aspiración, apaga chamas, silenciador de impulsión, presostato impulsión, transdutor de presión na impulsión, transdutor de temperatura na impulsión, kit de inxección de gas para os peches, panel de control e cadro eléctrico.

10.6.6.2 Bomba de baleiro de raíces

Este tipo de bombas emprégase como bombas de reforzo ou apoio na parte superior doutro tipo de bombas como as de parafuso, incrementando así a presión máxima e as

³⁶ [12]

velocidades de bombeo. Aínda así, a súa principal finalidade é permitir que o sistema de baleiro opere cunha velocidade de bombeo superior en rangos de baleiro máis estreitos, acadando un mellor grao de baleiro final


Con frecuencia, son empregadas en aplicacións industriais ou sistemas con altas velocidades de bombeo xa que algunhas das vantaxes que estas presentan son as elevadas velocidades de bombeo, o control de frecuencia, o prezo, a robustez e a existencia de versións herméticamente seladas.

A bomba escollida para operar en combinación coa bomba de baleiro de parafuso descrita no apartado anterior é unha de raíces RVB tamén da empresa Pedro Gil, pertencente ao grupo de bombas de desprazamento positivo. Dous pistóns simétricos de sección en forma de oito, xiran sen contacto entre eles nin co corpo, un en sentido contrario ao outro, engrenados regularmente e aloxados dentro do corpo da bomba. O funcionamento dos pistóns é a través do xogo de engrenaxes que sincronizan o seu movemento de rotación e que garanten a ausencia de roces entre eles.

O eixe de funcionamento das bombas Roots é accionado directamente polo eixo do motor por medio dun axuste elástico. O paso do eixe é selado por medio de reténs con cámara de aceite como medio selador. Incorpora unha cámara de refrixeración ao paso do eixe para eliminar o calor producido polo peche.

Os datos técnicos desta son mostrados a continuación,

Tamaño / Size		20.10	20.20	21.20	21.30	22.20	22.30	23.20	23.30	24.20	25.10	25.20	26.20	26.30	27.10	27.20
Caudal nominal de aspiración <i>Rated suction flow</i>	m ³ /h	200	280	500	740	1000	1430	2000	2880	3725	5422	7295	7954	9470	11515	15558
Velocidad de giro <i>Rotation speed</i>	min	2850	2850	2960	2960	2995	2995	2910	2910	2915	2925	2930	1480	1460	1485	1465
Máx. diferencia de presión en continuo <i>Max. pressure difference with continuously</i>	mbar	130	80	80	80	80	66	50	40	50	66	50	50	40	40	30
Potencia del motor <i>Motor power</i>	kW	0,75	1,1	2,2	3,0	4,0	4,0	5,5	7,5	11,0	15,0	18,5	22,0	22,0	30,0	30,0
Tensión de red normal, 50 Hz <i>Normal supply voltage, 50 Hz</i>	V	230/400	230/400	230/400	230/400	230/400	230/400	230/400	400Δ	400Δ	400Δ	400Δ	400Δ	400Δ	400Δ	400Δ
Capacidad aceite en los carters A/B <i>Oil Capacity in oil box A/B</i>	Ltr	0,62/0,98	0,62/0,98	1,1/1,61	1,1/1,61	1,58/2,45	1,58/2,45	3,05/4,69	3,05/4,69	4,95/8,5	7,5/12,5	7,5/12,5	15/22	15/22	27/35	27/35
Capacidad aceite cierre paso del eje <i>Oil capacity shaft passage seal</i>	Ltr	0,06	0,06	0,07	0,07	0,08	0,08	0,1	0,1	0,15	0,2	0,2	0,25	0,25	0,3	0,3
Consumo agua de refrigeración <i>Consumption cooling water</i>	Ltr/h	80	80	80	80	100	100	120	120	140	160	160	180	180	200	200
Peso bomba Roots con motor <i>Weight Roots pump with motor</i>	kg	73	85	130	158	240	270	360	400	580	755	850	1600	1700	2490	2690
Peso bomba (eje libre) <i>Weight of pump (free shaft)</i>	kg	62	76	115	135	208	245	320	360	460	630	710	1450	1550	2250	2450



Tamaño Size	DN	a	a ₁	a ₂	a ₃	a ₆	b ₁	b ₃	c ₁	c ₃	d ₁	h	h ₁	h ₂	h ₃	Extremo eje Shaft's end		
																d	l	u
20.10	50	767	220	148	118	470	313	253	240	178	14	276	340	138	176	20k6	45	6
20.20	80	807	240	188	158	509	313	253	240	178	14	276	340	138	176	20k6	45	6
21.20	100	968	291	270	230	615	366	290	281	204	18	320	353	160	203	28k6	53	8
21.30	100	1103	341	370	330	715	366	290	281	204	18	320	382	160	203	28k6	53	8
22.20	100	1134	345	327	282	731	426	354	313	240	18	350	417	175	232	32k6	68	10
22.30	150	1246	401	439	394	843	426	354	313	240	18	350	417	175	232	32k6	68	10
23.20	150	1286	398	412	362	832	534	444	388	298	24	400	494	200	271	38k6	68	10
23.30	150	1445	468	552	502	972	534	444	388	298	24	400	494	200	271	38k6	68	10
24.20	200	1622	470	363	288	993	592	528	420	356	24	500	602	250	335	42k6	88	12
25.10	200	1599	468	329	249	962	728	638	514	424	24	630	743	315	421	42m6	88	16
25.20	250	1782	532	458	378	1091	728	638	514	424	24	630	743	315	421	42m6	88	16
26.20	300	2088	665	620	510	1381	948	848	666	566	24	780	925	390	525	75m6	106	20
26.30	300	2220	732	750	640	1512	948	848	666	566	24	780	925	390	525	75m6	106	20
27.10	300	2300	717	575	450	1528	1147	1057	812	722	40	1000	1151	500	668	90m6	190	25
27.20	350	2524	829	799	674	1753	1147	1057	812	722	40	1000	1151	500	668	90m6	190	25



Ilustración 29: Bomba RVB da empresa Pedro Gil³⁷

O conxunto total debe ser redundante, polo que o número de bombas instaladas ha de ser tal que poda cubrir as necesidades do sistema conseguindo unha presión de baleiro de 100 Pa.

A composición do sistema será de dúas bombas de parafuso e outras dúas de raíces.

Para cada unha das bombas de parafuso, segundo as dimensións anteriormente sinaladas, é necesario reservar un espazo de $0.53\text{ m} \times 0.385\text{ m}$, é dicir, 0.21 m^2 que, debido á esixencia de redundancia serían 0.42 m^2 . Ademais, xa foron mencionados outros equipos necesarios para acadar o correcto funcionamento do conxunto, polo que se reserva un total de 1 m^2 para o conxunto das bombas de parafuso.

Por outro lado, considerando a descrición das bombas de raíces, é necesario destinar $0.767\text{ m} \times 0.313\text{ m}$, é dicir, 0.25 m^2 do espazo dispoñible para o seu aloxamento. Pola redundancia do sistema é necesario reservar 0.50 m^2 , pero para o correcto funcionamento resérvase un espazo para outros posibles equipos como tubarías, filtros e cables, polo que o espazo disposto para as bombas de raíces é de 1 m^2 .

O local destinado para as bombas de baleiro ha de dispor de a lo menos 2 m^2 , pero tamén se debe considerar que estes equipos deben dispoñer dun plan de mantemento e supervisión realizado por persoas que deben acceder e traballar en dito entorno. Polo tanto, conclúese que se reservan 4 m^2 do espazo dispoñible para o local de bombas.

10.6.6.3 Lugar e material de inxección de argón

Partindo do feito da idoneidade da insuflación do gas argón polo fondo da culler, un estudo de Scheubel sitúa o lugar concreto de colocación da fonte de inxección no fondo. Demostrouse que a acción tecnicamente máis favorable das correntes lógrase cando o ladrillo se encontra na metade do radio do fondo e ademais é recomendable que se sitúe a 90° respecto ao furado de coada co fin de protexelo do impacto do chorro de coada. Tal e como se mostra a continuación,³⁸

³⁷ [13]

³⁸ [14]




Ilustración 30: Esquema da circulación do argón en función da localización do tapón poroso³⁹

A adición de argón na culler aporta numerosas vantaxes como a unificación da caída de temperaturas na culler e axuste da mesma, mellora na limpeza do aceiro ao transportar as impurezas non metálicas á escoura, mellora a eliminación parcial dos gases como N_2 , H_2 e O_2 , maior rendemento do elementos de adición ou protexe contra a oxidación na coada continua.

A insuflación do argón na culler realízase a través dos elementos refractarios de tipo cónico colocados no fondo da culler. Este tipo están baseados, normalmente, en alta permeabilidade, introducidos en ladrillo de suxeición (portatapón), colocados no revestimento do fondo da culler.




Ilustración 31: Sistema portatapón - tapón poroso⁴⁰

O factor determinante que permitiu o soprado de argón foi o poder controlar a permeabilidade, propiedade que presentan os materiais cerámicos porosos para permitir o paso dunha corrente gasosa como resultado dunha diferenza de presión.

Nos refractarios porosos actuais equilíbranse as porosidades dos tapóns coa resistencia ao desgaste. Os tapóns porosos empregados na actualidade son todos de forma cónica envoltos en chapa.

³⁹ [14]

⁴⁰ [14]




Ilustración 32: Sistema de aplicación do tapón poroso⁴¹

10.6.6.4 Inxección de osíxeno

A embocadura de lanza ten un deseño converxente-diverxente (CD). A embocadura CD tamén se coñece como embocadura laval e caracterízase por un paso de fluxo cuxa área de sección transversal diminúe na dirección do fluxo, alcanza unha área de sección transversal mínima e logo aumenta aínda máis na dirección do fluxo. A área de sección transversal mínima do paso de fluxo denomínase garganta da embocadura. O deseño da embocadura CD axuda a acelerar a velocidade do gas a velocidades supersónicas. O chorro de fluxo de gas subdivídese en rexións de núcleo potencial, supersónicas e subsónicas. Dentro da rexión do núcleo, a velocidade é constante. O chorro interactúa coa contorna do convertedor e produce unha rexión de mestura turbulenta. O proceso de arrastre aumenta o caudal máxico e o diámetro do chorro e diminúe a velocidade axial media a medida que aumenta a distancia desde a saída da embocadura. A forza de impacto sobre a superficie da escoura fundida redúcese ao aumentar a altura da lanza. A lonxitude do chorro e o ángulo de dispersión veñen afectados pola temperatura e a presión do gas, así como polo estado da mestura de escoura metálica.

As embocaduras de lanza están deseñadas para un certo caudal de osíxeno, normalmente medido en N_{cum}/min , o que dá como resultado una certa velocidade de saída (número de Mach), co perfil de chorro requirido e a forza para penetrar a capa de escoura e reaccionar co baño de aceiro na área da depresión. Os chorros supersónicos prodúcense coas embocaduras CD (Ilustración 29). Un depósito de osíxeno estancado mantense a unha presión P_1 . O osíxeno acelera na sección converxente ata a velocidade sónica (Mach número 1) na zona de garganta cilíndrica. O O_2 logo expándese na sección diverxente. A expansión diminúe a temperatura, a densidade e a presión do osíxeno e a velocidade aumenta a niveis supersónicos (número de Mach superior a 1). A medida que o chorro de osíxeno sae da embocadura cara a culler, a unha presión P_2 , propágase e decae. Un núcleo supersónico permanece a certa distancia da embocadura. Os chorros supersónicos espárcense nun ángulo de arredor de 10 a 14 graos.

⁴¹ [14]




Ilustración 33: Mecánica da formación de chorros supersónicos e condición de soprado excesivo e insuficiente na punta da embocadura⁴²

Tanto o deseño adecuado da embocadura como o funcionamento adecuado son necesarios para obter de maneira eficiente as reaccións de fabricación de aceiro desoxadas e maximizar a vida útil da embocadura. Se unha embocadura se sopra demasiado, significa que o chorro de osíxeno non se expande completamente no momento en que sae da embocadura, desenvólvense ondas de choque a medida que o chorro se expande fóra da embocadura. Pérdese enerxía útil nestas ondas de choque, e un chorro esaxerado impacta o baño fundido con menos forza que un chorro idealmente expandido.

As embocaduras están baixo soprado cando o chorro se expande a unha presión igual á presión circundante e logo deixa de expandirse antes de saír da embocadura. Neste caso, o fluxo de osíxeno sepárase da superficie interna da embocadura. Os gases quentes da culler logo quéimanse ou erosionan a área de saída da embocadura. Esta erosión non só reduce a vida útil da embocadura, senón que tamén dá como resultado unha perda da forza do chorro, o que conduce a unha condición de soprado suave. As condicións de baixo soprado e sobre soprado tamén se mostran na ilustración 29.

A lanza de osíxeno está suxeita á carga de quecemento na culler por radiación, convección e conduction. Está suxeito a corrosión continua por escoura e salpicaduras a alta temperatura. Ademais, durante o soprado, as partículas de escoura fundida solidifícanse na superficie da lanza e adhírense á lanza. Estas partículas de escoura impactan a transferencia de calor á lanza.

As puntas de lanza poden ter un só orificio ou múltiples orificios. Nunha punta de lanza dun só orificio, o deseño da embocadura de punta de lanza tipo laval é simple. Componse dunha sección de contracción, unha abertura de garganta e unha sección de expansión. Na sección de garganta, que está na intersección das seccións de contracción e expansión, a área da sección transversal é máis pequena. O diámetro da abertura da garganta é o diámetro crítico e a área na garganta é a área crítica. Actualmente, as puntas de lanza dun só orificio xa non se empregan.

As puntas de lanza de orificios múltiples son as máis populares na fabricación de aceiro nestes días. No caso destas lanzas, as puntas das lanzas poden conter desde tres embocaduras de tipo laval en número ata nove embocaduras de tipo laval en número. Estas lanzas están en ángulo coa liña central da lanza. As lanzas de catro a seis foxos son máis populares. Estas lanzas producen un chorro supersónico de múltiples fíos na saída da

⁴² [15]

embocadura. O rendemento do proceso metalúrxico destas puntas de lanza é moi superior. Con todo, a fabricación destas puntas de lanza é máis complexa. Normalmente, os compoñentes destas puntas de lanza fábrícanse por separado e logo ensámblanse e soldan. Desta maneira, a fabricación é fácil, as dimensións son precisas e o rendemento operativo é bo. Con todo, para unha vida máis longa destas embocaduras, debe evitarse a alta temperatura dos aceiros, debe haber unha boa escouración e debe evitarse o soprado en posicións baixas. Os parámetros importantes no deseño de puntas de lanza de orificios múltiples son o caudal de osíxeno, a presión teórica de O_2 , o número Mach de saída da embocadura, ángulo e espazado da embocadura, sección de expansión e lonxitude da sección de expansión, dimensións da sección da abertura da garganta e (vii) dimensións da sección de contracción.

Sóprase osíxeno na culler a través dunha embocadura de lanza arrefriada por auga a alta presión e velocidade supersónica (Mach superior a 1). O chorro supersónico de osíxeno da embocadura axuda a un maior arrastre deste no metal fundido. Durante o soprado, fórmase unha dispersión trifásica que consiste en escoura / gotiñas de metal / burbullas de gas. A ilustración 30 mostra a comparación da área de impacto do chorro no baño para unha punta de lanza de tres orificios e unha punta de lanza dun só orificio.




Ilustración 34: Comparación de área de impacto do chorro no baño para unha punta de lanza de tres orificios e punta de lanza dun só orificio⁴³

Os requisitos das puntas de lanza inclúen soportar cargas térmicas e mecánicas moi elevadas, a necesidade dun arrefriado eficiente, ter unha alta confiabilidade e eficiencia, ser fáciles de instalar, deben ter un deseño de enxeñería de precisión para ter o fluxo específico de osíxeno, ter tolerancias mínimas de fabricación e non ter ningún defecto de fabricación, e ter a pureza do material e a estrutura do gran que se require para proporcionar unha transferencia de calor óptima e boa resistencia superficial.

O canón da lanza é unha serie de tubos concéntricos, un tubo exterior, un tubo intermedio e o tubo central para o osíxeno. O material para o tubo da lanza é un tubo sen costura de aceiro con baixo contido de carbono e un grosor para soportar os requisitos de presión na lanza. A lanza debe ser estruturalmente resistente. A lanza deseñárase para compensar a expansión e contracción térmica. O tubo exterior da lanza está exposto ás altas temperaturas do forno. A medida que aumenta a temperatura, expándese e a construción xeral da lanza internamente constrúese con xuntas tóricas e varias xuntas, pero pode adaptarse á expansión

⁴³ [15]

e contracción térmica mentres está en servizo. A lanza tamén debe ter un deseño libre de tensións e debe construírse con tal calidade que sexa capaz de soportar as condicións normais de funcionamento existentes na culler.

A ilustración 31 mostra as compoñentes principais da lanza de osíxeno. Estes inclúen accesorios de entrada de O_2 , a saída de O_2 (punta de lanza, que está feita dun deseño de cobre fundido (Cu) de alta condutividade térmica con embocaduras maquinadas con precisión para lograr a taxa de fluxo e os parámetros de chorro desexados. A auga de arrefriado é necesaria nestas lanzas para evitar que se queimen na culler. A lanza serve para asegurar o fluxo requirido de auga de refrixeración circulante.




Ilustración 35: Detalles típicos de puntas de lanza e lanza de osíxeno⁴⁴

A taxa de fluxo de osíxeno na tubaxe de O_2 non debe ser alta xa que a perda de presión é aproximadamente proporcional ao cadrado da velocidade do fluxo. Normalmente, o caudal de O_2 na tubaxe debe ser inferior a 55 m/seg e a velocidade do gas na tubaxe no rango de 0,1 Mach a 0,2 Mach. Os parámetros de deseño típicos da tubaxe de lanza para diferentes tamaños de culler atópanse na seguinte ilustración,

⁴⁴ [15]

Tab 1 Typical design parameters of oxygen lance of BOF				
Sl. No.	Converter heat size	Oxygen flow rate	Dimensions of lance pipe	Speed of oxygen flow
	tons	1000 cum/hour	Internal dia. x thickness in mm	m/sec
1	250-300	58-66	245×8	43.5-49.5
2	210	48-54	219×8	45.8-51.5
3	180	39-44	194×6	46.3-52.2
4	150	30-33	168×6	48.4-53.3
5	120	26-28	159×6	47.3-50.9
6	80	18-20	133×5	46.8-51.9
7	60	14-16	121×5	44.7-51.0
8	50	11-13	114×5	40.0-47.3

Ilustración 36: Parámetros de diseño típicos para lanzas de osíxeno⁴⁵

No caso tratado, o caudal de osíxeno necesario é de $30 \text{ Nm}^3/\text{min} = 1800 \text{ Ncum}/\text{h}$. Entón os parámetros da lanza serán: 114 mm de diámetro interno e 5 mm de espesor, cunha velocidade de fluxo de O_2 de $40 \text{ m}/\text{seg}$.

Hai unha serie de factores que afectan ao rendemento e á eficacia da lanza. O contido de silicio do metal quente é moi importante, xa que afecta á cantidade de escoura que se forma, a cantidade de escoura que debe penetrar o chorro. A altura de funcionamento da lanza tamén é moi importante e debe incluírse nos cálculos de deseño da embocadura. Se a lanza está demasiado baixa estará exposta a temperaturas extremadamente altas e é probable que a transferencia de calor da auga de arrefriado non sexa suficiente para evitar que a cara da lanza se derreta ou se queime prematuramente. Se a lanza é demasiado alta, o empuxe do chorro vólvese menos eficiente e o tempo de refinado necesario é máis longo, e requírese máis O_2 para lograr a descarbonización e a temperatura do aceiro necesarias. O caudal de O_2 é un parámetro de deseño que ás veces está limitado polo sistema de subministración de O_2 e / ou problemas de emisións. A velocidade de saída do número de Mach tamén é un factor que se utiliza no deseño das lanzas. Xeralmente, canto maior é o número de Mach, máis forte é o chorro.

Tamén deben terse en conta o número de embocaduras e o ángulo das mesmas. Actualmente, moitos sistemas funcionan con configuracións de 4, 5 ou 6 embocaduras. A ilustración 33 mostra o efecto de aumentar o número de embocaduras e o ángulo de saída da embocadura na área de impacto no baño. A medida que aumenta o ángulo da embocadura, desenvólvese máis compoñente de forza lateral, en lugar dunha compoñente de forza vertical, o que contribúe a unha maior axitación e axitación no baño. Con todo, se o compoñente lateral do chorro se volve excesivo, é probable que se produza un maior desgaste do refractario.

⁴⁵ [15]





Comparison of lance tip parameters	
Parameters: lance tip diameter 1,270 mm, Mach number 2, lance height above bath 1,830 mm, O2 flow rate 565 cum/minute	
	3 nozzle lance tip 12 degree nozzle angle Impact area 14,090 sq cm
	4 nozzle lance tip 12 degree nozzle angle Impact area 15,170 sq cm
	5 nozzle lance tip 12 degree nozzle angle Impact area 16,100 sq cm
	5 nozzle lance tip 14 degree nozzle angle Impact area 16,665 sq cm

Ilustración 37: Comparación dos parámetros de punta de lanza⁴⁶

A lanza escollida para o proxecto aquí desenvolto estará composta de 5 orificios, cun ángulo de 15 graos e unha área e impacto de 0.88 m^2 , situada a unha altura sobre o baño de 1.9 m cun fluxo de osíxeno de $30 \text{ Nm}^3/\text{min} = 30 \text{ Ncum}/\text{min} = 1800 \text{ Ncum}/\text{h}$.

A parte máis vulnerable dunha embocadura de lanza é a denominada coroa de cabeza de lanza, que está exposta a temperaturas superiores aos $2000 \text{ }^\circ\text{C}$ cando está en uso. Por tanto, a coroa da cabeza da lanza debe estar feita de Cu de condutividade que é próxima a aproximadamente o 100% de condutividade. Normalmente, só o cobre forxado pode proporcionar unha condutividade tan alta. Debido ás restricións de fundición, as embocaduras de lanza de fundición adoitan ter unha condutividade eléctrica mínima de ao redor do 90%. A condutividade eléctrica é directamente proporcional á condutividade térmica.

A vida útil da punta da lanza varía dun taller a outro, dependendo das diversas prácticas operativas. A vida útil típica da lanza é de 200 calores, aínda que nalgúns talleres conséguense ata 400 calores de vida útil da punta da lanza. A auga de arrefriado é fundamental para manter unha alta vida útil da punta da lanza. O caudal manterase ao caudal de deseño. A temperatura de saída da auga de refrixeración non debe exceder os $60 - 65^\circ\text{C}$. A calidade da auga tamén é un parámetro importante. Se a auga está contaminada con óxidos ou sucidade, normalmente fórmanse depósitos dentro dos tubos da lanza e a embocadura, o que ten como resultado un efecto negativo na transferencia de calor e isto reduce a vida útil da punta da lanza. A altura de funcionamento é fundamental para lograr a penetración do chorro de osíxeno no baño líquido. Con todo, se a altura da lanza é demasiado baixa, existe a posibilidade de erosión ou fusión da cara da embocadura da lanza.

O baixo soprado dá como resultado a erosión da saída da embocadura e prodúcese unha falla da embocadura da lanza. É necesario eliminar mecanicamente ou queimar a acumulación excesiva de cranio na embocadura da lanza. Ambas as prácticas poden danar a lanza.⁴⁷

⁴⁶ [15]

⁴⁷ [15]

10.6.6.5 Sistema de depósito e subministro de argón e osíxeno

Para o deseño do sistema de almacenamento de osíxeno e argón é necesario considerar que o caudal requirido é de $30 \text{ m}^3/\text{min}$ o que supón que sexan necesarios,

$$30 \frac{\text{m}^3}{\text{min}} * 46 \text{ min soprado} * 9 \text{ operacións diarias} = 12420 \text{ m}^3 \text{ de osíxeno e argón gas/día}$$

Os recipientes que se describirán a continuación, están destinados ao almacenamento de gases ultrafríos, que presentan a vantaxe de almacenar grandes cantidades de líquido nun volume compacto e presión estable.

Os gases licuados, tamén denominados gases ou líquidos crioxénicos son o osíxeno e o argón, entre outros, necesarios no proceso aquí descrito. O seu almacenamento en estado gasoso está suxeito a razóns económicas no seu transporte e almacenaxe.

A razón máis sinxela ben dada porque un litro de gas licuado se transforma, ao evaporarse, en aproximadamente 800 litros de gas, polo tanto nun espazo reducido pode almacenarse un gran volume.

O gas crioxénico almacenado nestes depósitos encóntrase en fase líquida, polo tanto, é necesaria a instalación de gasificadores atmosféricos, que son simples intercambiadores de calor para converter o líquido crioxénico desde a súa temperatura de almacenamento, arredor duns -180°C , en gas case á temperatura ambiente, distribuíndose mediante canalización por tubaxes aos puntos de consumo.

Tabla 1 CARACTERISTICAS FISICAS DE LOS GASES ATMOSFERICOS				
Características	Aire	Oxígeno	Nitrógeno	Argón
1. General				
1.1. Fórmula química		O ₂	N ₂	Ar
1.2. Porcentaje en el aire, % en volumen	100	21	78	1
2. Fase gaseosa				
2.1. Densidad (kg/m ³)	1,23	1,34	1,17	1,67
2.2. Densidad respecto al aire	1	1,11	0,97	1,38
3. Fase líquida				
3.1. Punto de ebullición (P.E.) en °C	-193	-183	-196	-186
3.2. Densidad del vapor en el P.E., respecto a la del aire bajo condiciones ambientales	3,6	3,6	3,7	4,6
3.3. Equivalencia de cada litro de líquido en litros de gas, bajo condiciones ambientales	700	850	690	830

Ilustración 38: Características físicas dos gases atmosféricos⁴⁸

O osíxeno compórtase como gas comburente, é dicir, mantén e acelera a combustión. O argón é un gas inerte que non permite a combustión. O seu efecto nas persoas pódese dicir que é inverso, xa que o osíxeno é vital e o argón produce asfixia.

Da ilustración 35 podemos deducir que o argón e o osíxeno son máis pesados que o aire, polo que, en caso de fuga tenderán a ocupar, máis o argón, os lugares máis baixos, producindo cambios na composición das atmosferas destes.

Tanto o argón como o osíxeno, cando se atopan en forma líquida cerca do punto de ebullición, teñen temperaturas extremadamente frías (-190°C). Estas temperaturas fan aos materiais fráxiles e quebradizos.

⁴⁸ [16]

A transformación do Dende as plantas de produción ata os depósitos instalados no proxecto aquí descrito, os gases crioxénicos transpórtanse en camións cisterna ou semirremolques cisterna de entre 5 e 25 ton de capacidade.

volumen de líquido en gas en proporcións tan altas (arredor de 800 veces), cando se produce en recipientes cerrados obriga a prever os conseguíntes aumentos de presión e a deseñalos cos apropiados sistemas de alivio de presión.

Todas as cisternas son de tipo dobre parede con aislamento de alto baleiro na intercámara, que, ademais, está chea de perlita, un super-illamento para axudar a manter un adecuado illamento térmico.

Os depósitos fixos dispostos na instalación son o tipo de almacenamento máis empregado na actualidade, segundo indica o enxeñeiro técnico Amando Gallego-Preciado na súa publicación en Mapfre Seguridad. Os tamaños dos tanques en instalacións de usuarios dos gases oscilan entre os 600 e os 60000 litros de capacidade útil, que para o osíxeno, por exemplo, representa un almacenamento de 500 e 51000 m^3 , respectivamente.

Ademais, o mantemento destas unidades de almacenamento é sinxelo, á vez que rápido e eficaz, debido ao coidado deseño e á estandarización de cada un dos seus compoñentes.

Os tanques están constituídos por dous recipientes, un interior de aceiro inoxidable austenítico ou aceiro ao 9% de níquel e outro exterior de aceiro ao carbono, deixando un espazo intermedio, recheo de perlita, no que se efectúa o baleiro, conseguíndose un illamento perfecto. Durante a fabricación dos tanques sométese aos materiais a controis: tracción, curvado, resiliencia a $-196\text{ }^\circ\text{C}$ e composición química, así como a unha proba hidráulica á presión de proba do recipiente. Os circuitos internos son de tubaxe de aceiro inoxidable e os externos de tubaxe de cobre ou de aceiro inoxidable. Os controis indicados poden ser distintos, pero con idénticas garantías, en función do código de deseño elixido.

Non obstante, todos os tanques han de cumprir coas normas legais vixentes, que con carácter xeral se recollen no Regramento de Aparatos a Presión e na Instrución Técnica complementaria MIE-AP 10 "Depósitos Crioxénicos" do citado regramento.

Os depósitos instálanse no exterior dos edificios e xunto cos desgasificadores, deben de estar nun recinto libre de todo obstáculo e de tamaño variable, segundo a capacidade do tanque, pero aproximadamente duns 30 m^2 por tanque. No caso aquí proxectado, como se instalan dous tanques, un para osíxeno e outro para argón resérvanse 60 m^2 . Este recinto ciméntase e vállase cunha cerca metálica lixeira que impide que persoas alleas ao servizo podan acceder a elas.

Dos tanques crioxénicos o produto sae impulsado mediante bombas cara os gasificadores, que como xa foi mencionado, son uns intercambiadores de calor. No proxecto desenrolado empréganse gasificadores atmosféricos, formados por un serpentín de aleación de aluminio, con aletas, por onde circula o líquido. Estes son adecuados para caudais de consumo constante, neste caso de 30 m^3/min .⁴⁹ O osíxeno en estado gasoso é enviado á Unidade de Expansión onde se axusta aos requisitos da rede.

Cando hai consumo, a presión de servizo do depósito tende a descender. Para recuperar a presión de traballo, o recipiente interior incorpora un regulador de presión que permite o caso dunha pequena cantidade de líquido a través do serpentín de elevación que, ao gasificarse, restablece a presión á que foi regulado o recipiente interior.

Si debido a un paro de consumo bastante longo, a presión no recipiente aumentase, por encima da presión de apertura do regulador, este abrírase liberando a conexión entre as fases líquida e gasosa, permitindo reducir a presión sen perda de produto.

⁴⁹ [16]




Ilustración 39: Instalación gas crioxénico⁵⁰

10.6.6.6 Sistema para o transporte do material fundido

Para o transporte do material fundido entre as distintas zonas da planta empréganse vehículos moi especiais que moven contedores con forma de torpedo termicamente illados, deseñados para soportar temperaturas extremadamente altas. Estes sistemas trasladan o metal en estado líquido dunha zona a outra e vérteno no recipiente de destino para que así poda ser tratado.




Ilustración 40: Culler torpedo⁵¹

⁵⁰ [17]

⁵¹ [18]

As culleres de torpedo están montadas nuns vagóns de ferrocarril para o seu movemento e están equipadas con acopladores automáticos. Estes vagóns de culler de torpedo móvense de forma individual coa axuda de equipos ferroviarios de tracción.

Os ladrillos que son empregados para revestir as zonas das culleres de torpedo son refractarios, resistentes aos choques térmicos e estables en canto a volume.

A culler onde se realiza o proceso de descarbonización e desgasificación, coa parte superior aberta, inclínase coa axuda dun cabrestante basculante para dar paso ao metal fundido que cae dende a culler torpedo. Algo similar ao mostrado na seguinte ilustración,



Ilustración 41: Carga da culler⁵²

Unha vez rematada a carga, a culler adopta unha posición vertical. Entón, a lanza de osíxeno introdúcese no seu interior e comeza o tratamento.

Finalizada a descarbonización e a desgasificación, o metal fundido da culler vértese nun recipiente de transferencia de metal ou vagón plano, para a súa coada. O recipiente de transferencia de metal estará provisto dunha carcasa revestida con refractarios. No refractario mantense unha pendente continua para o fluxo suave do metal fundido.

Os vagóns planos son transportados mediante unha cinta transportadora ou cadea sen fin. Esta colócase de forma inclinada, de tal maneira que se satisfaga a altura requirida para recibir o metal fundido e para descargalo nos moldes. Os moldes trasládanse coa axuda de cabrestantes á área de almacenaxe e envío.

A solidificación do metal fundido lógrase en dúas etapas, a primeira é o arrefriado por aire natural e a segunda, arrefriamento directo con auga.⁵³

⁵² [19]

⁵³ [20]

10.6.6.7 Sistema de apertura e peche da culler

A culler ten dúas tapas, unha superior e outra inferior, con peche hermético por medio dunha xunta de goma. As bocas das que dispón a culler son anchas, e por mediante unha tubaxe forte pero flexible comunícanse co sistema extractor de baleiro.

Ademais, a tapa disporá de miras de observación e control, así como outra apertura con esclusas e dosificadores de adición de escourificantes e ferroaliados. A través da tapa hermética pasa a lanza se osíxeno.

10.6.7 Vantaxes adicionais do sistema de baleiro

10.6.7.1 Estanquidade do sistema de baleiro

O proceso VOD xera unha mestura de CO , CO_2 , N_2 , Ar , O_2 e H_2 . Nunha instalación de VOD tradicional, este gas pasa a través do sistema pero tamén está en contacto coa auga de refrixeración e selado nos condensadores e bombas de anel de auga. Como estes gases, a excepción do Ar , se disolven na auga, dá lugar a que aquela que provén dos condensadores e das bombas de anel se contamine. Polo tanto, o CO debe eliminarse da auga na depuradora antes de que esta entre nun sistema aberto.

Nunha instalación que dispón dunha bomba de baleiro mecánica, non hai contacto entre os gases de escape do proceso e a auga de refrixeración. O sistema está completamente seco e, exceptuando cando non está activo, cerrado ata a boca da pila. Polo tanto, non existe contaminación da auga con gases do proceso.

10.6.7.2 Coste operacional

O sistema de baleiro mecánico ofrece grandes vantaxes de costes, o que garante un rápido retorno da inversión. Os resultados dos costes dependen da dispoñibilidade do vapor e da planta de tratamento da auga, así como do coste específico por servizos públicos, vapor e mantemento. Como dato curioso e grazas a este sistema, as plantas de aceiro en China están reportando aforros de ata o 90%.

Como con conclusión con respecto ás bombas de baleiro mecánicas, nos sistemas VOD de hoxe en día, estas bombas poden contribuír de forma significativa á optimización do proceso. O uso dunha regulación automática de presión que controla a velocidade de succión das bombas pode lograr altas taxas de descarbonización xunto con tempos de proceso.

Un sistema de metalurxia ben deseñado con poucas fugas, volumes optimizados, un sistema de filtrado eficiente e baixa condución na liña de succión, aseguran menos requisitos de rendemento de baleiro, polo tanto, un menor número de bombas.

A metalurxia ofrece as variables de control de presión e fluxo de osíxeno en combinación coa velocidade de axitación do argon para optimizar o proceso.

Un sistema de baleiro mecánico ben deseñado, que ofrezca un control de presión sinxelo e unha redundancia razoable, aportará vantaxes. Isto, en combinación cun potente sistema de automatización, é unha solución económica e respectuosa co medio ambiente para a produción dunha ampla variedade de graos de aceiro, podendo satisfacer as exixencias en canto á calidade e tempo de proceso.

10.6.8 Tratamento de residuos

As restricións ambientais e penalizacións económicas obrigan cada vez máis a optimizar os procesos de reciclaxe e valorización interna dos subproductos xerados nos diversos

procesos industriais, sen esquecer outros factores craves como a pegada ambiental xerada en actividades de explotación de recursos naturais.

Segundo a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e chans contaminados, defínese o concepto de subproduto como calquera substancia ou obxecto, resultante dun proceso de produción, cuxa finalidade primaria non sexa a produción desa substancia ou obxecto. A definición de subproduto implica a aplicación da súa normativa específica, especificamente o Regulamento (CE) 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao rexistro, a avaliación, a autorización e a restrición das substancias e preparados químicos (REACH) e o Regulamento (CE) 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de decembro de 2008 sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas (CLP) así como outras normativas específicas que poden afectar a determinadas substancias concretas.

No caso da industria siderúrxica, xéranse cantidades importantes de subproductos dadas as enormes masas de materias primas empregadas, cuxas características poderían ser interesantes en actividades nas que se requira, por exemplo, un material con carga férrica elevada ou na síntese de novos materiais.

As escouras siderúrxicas son os subproductos que, en canto a volumes de xeración, adquiren maior importancia. A valorización dun tipo de residuo como este impactaría de maneira moi significativa tanto na vida dos vertedoiros que actualmente se empregan para acumular este tipo de material, así como no impacto ambiental ocasionado ao explotar o mineral natural que resultaría substituído polo subproduto.

As escouras xeradas na culler dos procesos son vertidas, aínda en estado fundido, nuns fosos nos que se arrefrían mediante gracias ao uso de auga. Unha vez a súa temperatura diminúe o suficiente como para ser manipulada, esta cárgase nun camión para enviala a unha planta de procesado onde se recupera a fracción metálica da escoura. Esta planta pode ser Edersa S.A., na cidade de Avilés en Asturias.

De forma xenérica, e segundo o texto de Marcos Cano Bertiz "Aprovechamiento de subproductos industriales en la fabricación de mezclas bituminosas"⁵⁴, xéranse 44 kg de escoura por tonelada de aceiro producida na descarbonización ao baleiro.

Unha das maiores problemáticas para a reutilización deste tipo de escouras é o seu contido en cal libre que pode chegar ata o 15%, e a magnesia libre (MgO) polo que o seu uso en certas aplicacións, como a construción ou outras actividades que requiran unha estabilidade volumétrica importante, resulta limitado.

As emisións na produción de aceiro pódense agrupar en:

- Emisións primarias ou fumes primarios: aqueles captados dos fornos ou dos procesos de metalurxia secundaria que se corresponden con partículas sólidas e gases.
- Emisións secundarias ou fumes secundarios: aqueles ligados á operación e que son difíciles de controlar. Correspóndense tamén con partículas sólidas e gases. Proceden da manipulación da chatarra, dos procesos de carga e descarga, da coada continua ou da coada en lingoteiras.

As emisións máis importantes son as primarias, poden chegar a representar o 95% das emisións totais. As compoñentes emitidas son principalmente CO , CO_2 (asociados á descarbonización e ás lanzas de osíxeno...) e metais pesados (asociados ás partículas sólidas) entre outros.⁵⁵

Co fin de aproveitar as emisións de gases da planta, descríbese a coxeración. Esta é unha tecnoloxía que permite un importante aforro de enerxía primaria mediante a produción conxunta de enerxía térmica e mecánica. A enerxía térmica xerada é aproveitable en forma

⁵⁴ [21]

⁵⁵ [22]

de gases ou líquidos quentes mentres que a enerxía mecánica se converte en enerxía eléctrica por medio dun alternador. O maior rendemento respecto ás tecnoloxías convencionais baséase no aproveitamento de enerxías residuais, o que á súa vez se traduce tamén nun menor impacto ambiental.

O proceso de xeración de enerxía eléctrica supón o aproveitamento térmico do combustible para xerar enerxía mecánica nos motores de gas, mediante a utilización do ciclo Otto clásico e a xeración de enerxía eléctrica nos alternadores mediante a transformación da enerxía mecánica entregada polos motores.

Doutra banda, o proceso de xeración de vapor supón o aproveitamento térmico do calor da auga de refrixeración dos motores para o quecemento da auga de achega ás caldeiras, o aproveitamento térmico dos gases de escape dos motores de gas para xerar vapor na caldeira de recuperación e o aproveitamento térmico do combustible para xerar enerxía calorífica e producir vapor nas caldeiras de combustión.

As vantaxes, tanto técnicas como de política enerxética que a coxeración presenta están relacionadas cun elevado rendemento global, menores perdas na rede eléctrica por transporte e distribución debido á súa proximidade ao momento de consumo e diversificación das fontes enerxéticas. Por outra banda, tamén conta cunha serie de inconvenientes como o risco técnico inherente a toda modificación das instalacións, posibles cambios na normativa vixente e a incerteza na política de prezos enerxéticos.

O aproveitamento dos gases siderúrxicos que se producen de forma inevitable en coxeración supón un aforro de combustibles convencionais, xa que cada millón de metros cúbicos de gas de acería pódense transformar nuns 707 MWh de enerxía eléctrica.

Ademais, dada a súa composición, rica tanto en gases tóxicos (CO), como en gases que contribúen para o efecto invernadoiro (CH_4), así como en gases autoinflamables (H_2), non poden ser vertidos á atmosfera de forma libre, senón que deben ser queimados de forma controlada.

Por tanto, a instalación dunha planta de coxeración anexa á planta siderúrxica permitirá ter como inputs os gases comentados e obter como outputs enerxía térmica que se enviará á propia siderurxia e enerxía eléctrica, envorcada á rede eléctrica que á súa vez dará servizo á produción do aceiro.




Ilustración 42: Aproveitamiento de gases siderúrgicos⁵⁶

A planta de coxeración aproximadamente debería disponer de unos 8000 m², aunque este proyecto no abarca tales instalaciones.

RIVAS
CABANAS
MINERVA -
Firmado digitalmente por RIVAS CABANAS MINERVA -
Fecha: 2021.07.27 16:16:43 +02'00'

Rivas Cabanas, Minerva

⁵⁶ [23]

11 REFERENCIAS

- [1] o. diario, «Acero Inoxidable,» 17 Outubro 2019. [En liña]. Available: <https://okdiario.com/curiosidades/que-acero-inoxidable-como-hace-4203473>. [Último acceso: 18 Abril 2021].
- [2] S. -. A. C. ACERINOX, «Aceiro Inoxidable Austenítico ao Cr-Ni-Mo ACX 260,» Madrid, 2013.
- [3] C. d. Mondoñedo, «Concello de Mondoñedo,» Maio 2018. [En liña]. Available: http://www.concellomondonedo.es/portal_localweb/p_101_contenedor1_ayto_mon_donedo.jsp?seccion=s_fdes_d4_v2.jsp&codbusqueda=419&language=gl&codResi=5&codMenuPN=235&codMenuSN=244&codMenu=692&layout=p_101_contenedo_r1_ayto_mon_donedo.jsp&level=1. [Último acceso: Febreiro 2021].
- [4] J. L. Enríquez Berciano e E. Tremps Guerra, Monografías sobre la Tecnología del Acero. Parte II- Metalurgia Secundaria, Madrid, 2007.
- [5] Á. Forero Mora, «Corrosión Intergranular en Aceros Inoxidables,» *Ingeniería e Investigación*.
- [6] R. Ding, B. Blanpain, P. Jones e P. Wollants, «Modeling of the Vacuum Oxygen Decarburization Refining Process,» *Metallurgical and materials Transactions*, vol. 31B, 2000.
- [7] A. Teeuwesen, «Vacuum oxygen decarburization (VOD) of stainless steel- Optimization of the Process with Mechanical Vacuum Pumps,» *VIP*, vol. 26, núm. 3, 2014.
- [8] J. Otto, "El movimiento de concentración de aceros con alto contenido de cromo durante el refinado al vacío y el control del proceso mediante la medición continua de la presión parcial de oxígeno de los gases de escape", Aquisgrán, 1975.
- [9] S. U. e W. S. A. , *Simulación de la Metalurgia Secundaria-Guía del usuario Versión 2.0*, Bélgica.
- [10] G. Franco e H. Koblenzer, «Vacuum Tank Degassing Station with Dry Mechanical Pumps for VD and VOD Process at Kama Stal and Mechel Plants,» *EEC*, vol. 5, 2012.
- [11] Laybold, «Leybold,» 04 Xullo 2014. [En liña]. Available: <https://www.leybold.com/es/es/medios/noticias/oerlikon-leybold-vacuum-consigue-el-certificado-atex-para-los-sistemas-de-vacio-de-la-desgasificacion-de-acero/>. [Último acceso: 15 Abril 2021].
- [12] P. Gil, *Catálogo de bombas de baleiro de parafuso*, Barcelona.
- [13] P. Gil, *Catálogo de bombas de baleiro RV*, Barcelona.
- [14] A. A. García, «Técnicas de soplado para la metalurgia en cuchara,» Setembro 1989. [En liña]. Available: <http://boletines.secv.es/upload/198928395.pdf>. [Último acceso: 10 Xuño 2021].
- [15] Sartyendra, «Ispatguru,» 12 Abril 2013. [En liña]. Available: <https://www.ispatguru.com/oxygen-blowing-lance-and-lance-tips-in-converter-steel-making/>. [Último acceso: Xuño 2021].

- [16] A. Gallego-Preciado Martín, «Seguridad en el manejo de gases criogénicos atmosféricos,» *Mapfre Seguridad*, núm. 34, 1989.
- [17] C. Praxair, «Praxair Servicios Técnicos,» [En liña]. Available: <https://www.ucm.es/data/cont/docs/3-2015-03-16-FichaTecnicaGasesdelAire.pdf>. [Último acceso: Xuño 2021].
- [18] W. GmbH, «WEERULIN GmbH,» [En liña]. Available: <https://www.weerulin.de/es/prodotti/horno-alto/cuchara-torpedo/>. [Último acceso: Xuño 2021].
- [19] Premasid, «Riesgos y medidas preventivas en el proceso de fabricación de acero,» [En liña]. Available: <https://aceroplatea.es/docs/documento158.pdf>. [Último acceso: Xuño 2021].
- [20] Satyendra, «Ispatguru- Handling of Hot Metal in Blast Furnace Iron Making,» 10 Febreiro 2016. [En liña]. Available: <https://www.ispatguru.com/handling-of-hot-metal-in-blast-furnace-iron-making/>. [Último acceso: Xuño 2021].
- [21] M. C. Bertiz, *Aprovechamiento de subproductos industriales en la fabricación de mezclas bituminosas*, Oviedo, 2018.
- [22] D. d. m. a. y. o. d. t.-. G. Vasco, *Guía Técnica Para la Medición, Estimación y Cálculo de las Emisiones al Aire*, https://www.euskadi.eus/contenidos/documentacion/eprtr/es_guia/adjuntos/acero.pdf, 2007.
- [23] S. García García, R. Luiña Fernández, F. Ortega Fernández e V. Rodríguez Montequín, «EVALUACIÓN AMBIENTAL DE LAS SINERGIAS EN COGENERACIÓN CON GASES,» Granada, 2015.
- [24] G. Vemacero, «Catálogo Grupo Vemacero,» [En liña]. Available: https://ingemecanica.com/tutoriales/objetos/tuberias/Catalogo_Gasoductos_Acero.pdf. [Último acceso: Xuño 2021].
- [25] M. Vacuum, «Marpa Vacuum,» [En liña]. Available: <https://marpavacuum.com/productos/mvr-1000/>. [Último acceso: 08 Maio 2021].
- [26] BHP, «BHP- Iron Ore,» BHP, [En liña]. Available: <https://www.bhp.com/our-businesses/our-commodities/iron-ore/>. [Último acceso: 02 Maio 2021].
- [27] IEA, «Internacional Energy Agency,» IEA, 2019. [En liña]. Available: https://aceroplatea.es/docs/Iron_and_Steel_Technology_Roadmap_IEA.pdf. [Último acceso: 02 Maio 2021].
- [28] S. Prozesstechnik, «SGI Prozesstechnik,» [En liña]. Available: <http://www.sgi-prozesstechnik.de/de/stahlentgasung>. [Último acceso: 22 Abril 2021].

12 DEFINICIONS E ABREVIATURAS

- *Coque*: carbón que queda como residuo do carbón mineral despois de extraer deste as diversas substancias volátiles.
- *Convertedor*: recipiente de laboratorio que se emprega para a conversión de ferro fundido en aceiro seguindo diversos procesos.
- *Chatarra*: metal que non é nobre, sen valor.

- *Coadada*: masa fundida que cando sae do forno é vertida nos moldes de fundición.
- *Escoura*: substancia vítrea que se forma durante a fusión dos metais e contén as impurezas.
- *Aliaxe*: produto de características metálicas que se obtén ao incorporar un ou varios elementos a un metal.
- *Funil*: instrumento en forma de pirámide ou cono invertido, cunha abertura na súa parte inferior, que se emprega para facer que o seu contido pase pouco a pouco a outro lugar ou recipiente de boca máis estreita.
- *Torr*: unidade de presión equivalente a 1 mm de mercurio

$$1 \text{ torr} \approx 1 \text{ mmHg} \approx 133.32 \text{ Pa}$$
- *Refinado*: proceso de extraer ou tirar todas as impurezas ou defectos mediante un proceso determinado, para así facer esa peza máis pura ou máis fina.
- *Aceiro acougado ou repousado*: é aquel que foi tratado cun axente desoxidante como o aluminio ou o silicio mentres se fundía e antes de ser vertido nos moldes. O obxectivo desta operación é reducir significativamente ou eliminar por completo o contido de osíxeno do aceiro para que non se forma gas durante o proceso de solidificación posterior. O aceiro coado resultante é non poroso e moi homoxéneo.
- *Actividade química dun elemento*: fai referencia ao comportamento do elemento, este mostra unha aparente concentración efectiva diferente á súa concentración real. O elemento mostra un comportamento que non se corresponde á súa concentración, é dicir, presenta unha actividade que non se corresponde á súa concentración real.
- *Pasividade dun metal*: resistencia dos aceiros inoxidables á corrosión debido á presenza dunha finísima capa de óxido ou hidrato na superficie do metal, que é formada e estabilizada polo cromo e que protexe ao metal dun posterior ataque. Esta película é considerada insoluble, impermeable e autoselante.
- *Sensibilización dun metal*: precipitación de carburos de cromo nos límites do gran, a unha temperatura determinada e durante un tempo concreto, empobrecendo aos seus arredores en cromo, e deixándoos polo tanto, susceptibles á corrosión.
- $1 \text{ cum} \approx 1000 \text{ l}$: coeficiente de unidades de mérito (unidade de volume).

13 GLOSARIO DE SÍMBOLOS

- m_g representa a zona de reacción de M/G.
- M_{m_g} é a cantidade de metal en cada un dos instantes, en kg.
- Q_O^t é a fluxo de osíxeno, en kg/s.
- R^t representa a cantidade de osíxeno consumida nas reacción de oxidación no intervalo de tempo Δt , en kg.
- $C_{O1}^{t(n)}$ é a concentración de osíxeno despois de $(n - 1) * \Delta t_s$ durante o período $t \sim t + \Delta t$ na zona de reacción M/G (dada en % de peso).
- $W_{m_g}^{i(t)(n)}$ é o cambio de peso do elemento i na zona de reacción M/G nun pequeno intervalo de tempo Δt_s , durante o período $t \sim t + \Delta t$. Dada en kg.
- m é o número de átomos de osíxeno que se integra por cada átomo do elemento específico i .
- $i = Si, Mn, C, Cr, Fe$.
- $W_{m_g}^{j(t)(n)}$ é o cambio de peso da compoñente da escoura j debida á reacción na zona M/G nun pequeno intervalo de tempo Δt_s , durante o período $t \sim t + \Delta t$. Dada en kg.
- $j = SiO_2, MnO, Cr_2O_3, FeO$
- $i = Si, Mn, Cr, Fe$
- m_g representa a compoñente j da escoura na zona M/G da reacción.

- $C_{ms(i)}^{t(e)}$ é o contido de equilibrio do elemento metálico i na zona de reacción M/S no momento (t) . Dado en porcentaxe de peso.
- M_{ms}^t é a masa do metal na zona de reacción M/S no momento (t) . Dada en kg.
- $C_{ms(i)}^t$ é o contido inicial do elemento metal i na zona de reacción M/S no momento (t) . Dado en porcentaxe de peso.
- $W_{ms}^{i(t)}$ é o cambio no peso do elemento i na zona M/S. Dado en kg.
- $C_{sm(j)}^{t(e)}$ é o contido de equilibrio da compoñente da escoura j na zona de reacción M/S no momento (t) . Dado en porcentaxe de peso.
- M_{sm}^t é a masa da escoura na zona de reacción M/S no momento (t) . Dada en kg.
- $C_{sm(j)}^t$ é o contido inicial da compoñente da escoura j na zona de reacción M/S no momento (t) . Dado en porcentaxe de peso.
- $W_{sm}^{j(t)}$ é o cambio no peso do elemento j da escoura na zona de reacción M/S. Dado en kg.
- M_i é o peso atómico do elemento i , en kg/kmol.
- M_j é o peso molecular do óxido j , en kg/kmol.
- $ms(i)$ representa o elemento i na zona de reacción M/S.
- $sm(j)$ representa o óxido j da zona de reacción M/S.
- W_M^t é o peso do metal no momento (t) , dada en kg.
- W_S^t é o peso total da escoura momento (t) , dada en kg.
- Q_{CO}^t é a taxa de fluxo de CO, en kg/s.
- p^t é a presión total no momento considerado (t) , en Pa.
- p_{CO}^t é a presión parcial do CO no instante (t) , dada en Pa.
- $\sum H_{in}^t$ é a suma de toda a calor da reacción durante Δt . Para calculala pódense empregar as reaccións de oxidación dos respectivos elementos. Medida en J.
- $\sum H_{out}^t$ está formada por toda a calor perdida durante o proceso VOD como pode ser a asociada cos gases de escape e a través da parede da culler, dada en J.
- c_p^M fai referencia á capacidade calorífica do metal a presión constante, dada en $J/(K * kg)$.
- c_p^S fai referencia á capacidade calorífica da escoura a presión constante, dada en $J/(K * kg)$.
- η_1 é un parámetro axustable que relaciona a fracción de metal que entra na zona de reacción M/G coa cantidade total de metal no intervalo de tempo Δt .
- η_2 é un parámetro axustable que relaciona a fracción de metal que entra na zona de reacción M/S coa cantidade total de metal no intervalo de tempo Δt .
- η_3 é un parámetro axustable que relaciona a fracción de escoura tomada na zona de reacción M/S coa cantidade total de escoura no intervalo de tempo Δt .
- a_c representa a actividade carbono.
- a_o representa actividade osíxeno.
- K_{C-o} é a constante de equilibrio.
- $[\%C]_f$ é a concentración de carbono despois do tempo t .
- $[\%C]_i$ é a concentración inicial de carbono.
- $[\%C]_{eq}$ é a concentración de carbono en equilibrio.
- k_c é a constante de reacción para a descarbonización, en min^{-1} .
- K : constante da taxa de descarbonización, m/min .
- A : área do baño estancada, m^2 .
- V_b : volume do baño, m^3 .
- ρ é a densidade do material en kg/m^3 .



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Escola Politécnica Superior

**TRABALLO FIN DE GRAO
CURSO 2020/2021**

*IMPLANTACIÓN DUN PROCESO DE METALURXIA
SECUNDARIA DO ACEIRO*

Grao en Enxeñaría Mecánica

Anexo

CÁLCULOS

ÍNDICE

1 Cálculo dos parámetros do proceso.....	A-3
1.1 Termodinámica.....	A-3
1.2 Cinemática.....	A-4
2 Cálculo volume de depósitos crioxénicos e tubaxes.....	A-6
Bibliografía.....	A-8

1 CÁLCULO DOS PARÁMETROS DO PROCESO

1.1 Termodinámica

A desgasificación por baleiro nace a partir da seguinte reacción,



Onde a constante de equilibrio para concentracións baixas, está dada por,

$$K_{C-O} = \frac{p_{CO}}{[\%C]_{eq} * [\%O]}$$

Sendo a constante de equilibrio,[¹]

$$\log K_{C-O} = \frac{1.168}{T[K]} + 2.07$$

Sábese que a temperatura acadada durante o proceso de soprado de osíxeno é de 1650 °C, 1923.15 K, entón,

$$\log K_{C-O} = \frac{1.168}{1923.15} + 2.07 \rightarrow K_{C-O} = 117.7$$

Por outro lado, para obter a concentración de osíxeno presente na reacción, coñécese que a porcentaxe en peso responde á seguinte expresión,

$$\% \text{ en peso} = \frac{m_{O_2}}{m \text{ mezcla}} = \frac{m_{O_2}}{m \text{ aceiro} + m \text{ osíxeno} + m \text{ argon}}$$

$$\% \text{ en peso} = \frac{m_{O_2}}{m \text{ aceiro} + m \text{ osíxeno} + m \text{ argon}_{\text{desgasificación}} + m \text{ argon}_{\text{redución}}}$$

Coñécese o tempo de soprado de osíxeno requirido polo proceso, 46 minutos. Sabendo o caudal ($30 \text{ m}^3/\text{min}$), o tempo de soprado e a densidade do osíxeno gas a temperatura ambiente ($1.429 \text{ kg}/\text{m}^3$) pódese obter a masa de osíxeno empregada,

$$\text{masa osíxeno soprada} = \rho * Vol = 1.429 \frac{\text{kg}}{\text{m}^3} * 30 \frac{\text{m}^3}{\text{min}} * 46 \text{ min} = 1972.02 \text{ kg} \approx 2 \text{ t}$$

O proceso de desgasificación dura 10 min e, igual que no caso de soprado de osíxeno, sabendo o caudal ($0.35 \text{ m}^3/\text{min}$), o tempo de soprado e a densidade do argón gas a temperatura ambiente ($1.784 \text{ kg}/\text{m}^3$) pódese obter a masa de argón empregada,

$$\text{masa argon soprada} = \rho * Vol = 1.784 \frac{\text{kg}}{\text{m}^3} * 0.35 \frac{\text{m}^3}{\text{min}} * 10 \text{ min} = 6.244 \text{ kg} \approx 0.006 \text{ t}$$

O proceso de redución leva 40 minutos, igualmente, pódese obter a cantidade de argón usada durante este período,

$$\text{masa argon soprada} = \rho * Vol = 1.784 \frac{\text{kg}}{\text{m}^3} * 0.35 \frac{\text{m}^3}{\text{min}} * 40 \text{ min} = 24.976 \text{ kg} \approx 0.025 \text{ t}$$

No caso aquí tratado, dende un principio, estableceuse que a produción de aceiro inoxidable debe ser tal que cubra a cantidade de 85000 toneladas anualmente. Tendo de referencia que o ano actual, 2021, ten 251 días laborables e reservando 30 deles para posibles tarefas de mantemento preventivo do crisol, bombas e mecanismos que conforman o conxunto,

¹ [1]

$$\text{masa de aceiro diaria} = \frac{\text{ton}_{\text{anuales}}}{\text{Días traballando ano}} = \frac{85000}{221} = 385 \frac{t}{\text{día}}$$

Para levar a cabo o proceso, a fábrica dispoñerá de 3 turnos de traballo de 8 horas cada un. Polo que, en cada xornada laboral téñense que producir,

$$\text{masa de aceiro en cada xornada laboral (8 horas)} = \frac{385}{3} = 129 \frac{t}{8 \text{ horas}}$$

Recordando o texto de onde se obtiveron os datos, todos os tempos mencionados fan referencia a unha masa inicial da composición de 121 t inicialmente, para resultar 126.3 t ao finalizar o proceso. O que quere dicir, que son necesarios $96 \text{ min}(40 + 10 + 46) = 1.6 \text{ h}$ para o tratamento dun metal con esas características.

Por outro lado, débense ter en conta os tempos necesarios para o enchido e baleirado da culler ademais do transporte da materia á zona de coada continua. Para isto, e empregando como referencia a “ilustración 5” do documento 1 “Memoria”, resérvanse 20 minutos para o enchido, 20 minutos para o baleirado e 10 minutos para o transporte. Para posibles retrasos debido a incidencias nas accións anteriores, resérvanse outros 10 minutos. O que suma un total de 60 minutos.

Polo tanto, en total, son necesarias 2.6 horas para obter un resultado axustado ao esixido,

$$\text{Masa de aceiro culler} = \frac{129 t}{8 \text{ horas}} * 2.6 \text{ horas} = 42 t$$

Con isto, pódese deducir que cada turno de traballo será capaz de facer 3 operacións da culler, é dicir, 9 operacións diarias; ademais por cada operación de culler débese reservar 1 hora. Polo tanto, o tempo dispoñible para os procesos de desgasificación en cada quenda é de 5 horas.

Así, coñecendo a masa de osíxeno, aceiro e argon que participan na reacción obtidas no apartado seguinte mediante a súa densidade a temperatura ambiente,

$$\% \text{ en peso} = \frac{1972.02}{42000 + 1972.02 + 6.244 + 24.976} * 100 = 4.49 \%$$

Volvendo á ecuación de,

$$K_{C-O} = \frac{p_{CO}}{[\%C]_{eq} * [\%O]}$$

Pódese obter o valor da porcentaxe de osíxeno no equilibrio con,

- $K_{C-O} = 117.7$
- $p_{CO} = 0.099 \text{ atm}$
- $[\%O] = 0.0449$

$$[\%C]_{eq} = \frac{p_{CO}}{K_{C-O} * [\%O]} = 0.0187$$

1.2 Cinemática

A velocidade de descarbonización está dada pola seguinte relación,

$$\ln \left\{ \frac{[\%C]_f - [\%C]_{eq}}{[\%C]_i - [\%C]_{eq}} \right\} = -k_c t$$

Onde,

- $[\%C]_f$ é a concentración de carbono despois do tempo t.
- $[\%C]_i$ é a concentración inicial de carbono.

- $[\%C]_{eq}$ é a concentración de carbono en equilibrio.
- k_c é a constante de reacción para a descarbonización, en min^{-1} .

Ao reorganizar os termos da anterior ecuación en función da concentración de carbono final, obtense por resultado,

$$[\%C]_f = [\%C]_{eq} + ([\%C]_i - [\%C]_{eq}) * \exp(-k_c t)$$

Onde $[\%C]_i$ e $[\%C]_f$ son os contidos de carbono antes e despois da descarbonización, respectivamente, $[\%C]_{eq}$ é o contido de carbono en equilibrio, e k_c é a constante de reacción para a descarbonización. A constante da reacción está dada por:

$$k_c = k * A/V$$

Onde,

- K: constante da taxa de descarbonización, m/min .
- A: área do baño estancada, m^2 .
- V: volume do baño, m^3 .

$$V_b = \frac{\text{masa do aceiro}}{\rho_{\text{aceiro}}}$$

Na que,

- ρ_{aceiro} é a densidade do aceiro líquido. Para unha primeira aproximación dos cálculos asúmese que a densidade do aceiro vaise manter constante durante o todo o proceso, neste caso suponse,

$$\rho_{\text{aceiro}} = 7200 \text{ kg}/m^3$$

Coa masa de aceiro da culler e coa densidade, nun principio considerada constante obtense o volume do baño,

$$V_b = \frac{\text{masa do aceiro}}{\rho_{\text{aceiro}}} = \frac{42}{7.2} = 5.84 \text{ m}^3$$

Segundo diversos estudos, móstrase que se pode alcanzar unha velocidade de descarbonización constante de aproximadamente $0.20 \text{ m}/min$.^[2]

Tomando como referencia unha culler da empresa alemá SGI Prozesstechnik^[3], deseñase unha culler cuxa área do baño estancada é de $1.7 \text{ m} * 1.7 \text{ m}$,

$$A = 1.7^2 = 2.89 \text{ m}^2$$

O que supón unha altura de culler cunha reserva de nivel de 2 m de,

$$h(m) = \frac{V}{A} + 2 = \frac{5.84}{2.89} + 2 = 4.1 \text{ m}$$

A reserva de altura de 2 m é debida á necesidade de inxección de osíxeno mediante unha lanza, a cal ten que manter unha distancia mínima coa superficie do caldo dentro da culler, ademais, débese considerar a posible batuxada resultado da axitación do caldo.

Así, obtense que,

$$k_c = k * \frac{A}{V} = -0.2 \frac{m}{min} * \frac{2.89}{5.84} = -0.1 \text{ min}^{-1}$$

Unha vez obtido o valor da constante da reacción k_c , xa se pode calcular o valor da concentración de carbono inicial requirido para obter como resultado o aceiro desexado, aceiro inoxidable austenítico AISI 316L.

$$[\%C]_f = [\%C]_{eq} + ([\%C]_i - [\%C]_{eq}) * \exp(-k_c t)$$

² [2]

³ [3]

$$0.03 = 0.0187 + ([\%C]_i - 0.0187) * \exp(-(-0.1) * 46)$$

$$[\%C]_i = \mathbf{0.0485}$$

Con respecto á cantidade de mineral de ferro que é necesaria introducir no alto forno para cubrir a produción da planta aquí descrita, é necesario referirse a diversos estudos estatísticos como os da compañía internacional BHP [4] ou o IEA[5], nos que se di que son necesarias unhas 1.6 t de mineral de ferro para conseguir unha tonelada de aceiro.

Polo tanto, co fin de producir 385 t diarias de aceiro inoxidable, son necesarias,

$$\text{masa mineral ferro} = \frac{385 \text{ t aceiro} * 1.6 \text{ t mineral ferro}}{1 \text{ t aceiro}} = 616 \text{ t mineral de ferro diarias}$$

Sabendo que a densidade do ferro é de,

$$\rho_{\text{ferro}} = 7869 \frac{\text{kg}}{\text{m}^3}$$

Entón obtense que o volume diario mínimo ocupado por este, e do cal se debe dispoñer na planta é de,

$$V_{\text{areeira}} = \frac{\text{masa mineral de ferro}}{\rho_{\text{ferro}}} = \frac{616 \text{ t}}{7.869 \text{ t/m}^3} = 78.29 \text{ m}^3$$

Tendo en conta que a altura máxima da nave é de 9 m, seguindo a ordenanza municipal, e considerando que a altura disposta no espazo destinado a tal fin non superará os 4 m, a área necesaria é de,

$$A_{\text{arenería}} = \frac{V_{\text{arenería}}}{\text{Altura montón}} = \frac{78.29 \text{ m}^3}{4 \text{ m}} = 20 \text{ m}^2$$

Ademais débese de considerar o espazo necesario para o desprazamento dos traballadores e para o transporte da materia dunha fase cara outra da produción, polo que se reservan 40 m² para a areeira.

2 CÁLCULO VOLUME DE DEPÓSITOS CRIOXÉNICOS E TUBAXES

No proxecto aquí desenrolado empregaranse tanques de gases crioxénicos de 600 m³ para así cubrir a demanda mensual de,

$$12420 \text{ m}^3 \text{ de } \frac{\text{gas}}{\text{día}} * \frac{1 \text{ l líquido}}{800 \text{ l gas}} * 25 \frac{\text{días}}{\text{mes}} = 466 \approx 500 \frac{\text{m}^3 \text{ de gas}}{\text{mes}}$$

Sabendo que a velocidade do argón e do osíxeno é de 40 m/seg e que o caudal necesario é de 30 Nm³/min,

$$Q = 30 \frac{\text{m}^3}{\text{min}} * \frac{1 \text{ min}}{60 \text{ seg}} = 0.5 \text{ m}^3/\text{seg}$$

Sabendo que o caudal está dado por,

$$Q = v * A$$

